

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2013.

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costas	PP
CONCELLEIROS:	
D ^a . Susana Varela Santiago.	PP
D. Jorge Santomé Gestido.	PP
D. Angel Manuel González Riobó.	PP
D ^a . María Colomba López Freire.	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga.	PP
D. José Freire Cancelas.	PP
D ^a . María del Carmen Maya Santomé.	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero.	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira.	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco.	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez.	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso.	BNG
D. Daniel Rodas Chapela.	BNG
D ^a . Coral Ríos Santomé.	BNG
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.	PS de G-PSOE
D ^a . Marta Freire Riobó.	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García.	
AUSENTES:	

En Moaña o 26 de setembro de 2013, xoves, ás vinte horas no Salón de Plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos os asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, polo Sr. presidente declárase validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Constitución de *Mesa de Asesoramento aos afectados pola emisión de obrigacións preferentes e subordinadas*

de Novagalicia Banco.

4º.- Aprobación revisión Plan de Axuste (Real Decreto 8/2013).

5º.- Aprobación inicial da modificación de crédito nº 22/13, na modalidade de transferencia de crédito (nº 11).

6º.- Solicitude de declaración da festa de San Martiño como Festa de Interese Turístico de Galicia.

7º.- Solicitude da concesionaria de revisión prezos públicos do servizo da piscina cuberta municipal do Concello.

8º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración.

9º.- Inicio de expediente para o nomeamento de D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña a título póstumo.

10º.- Designación de representante da Corporación no consello escolar do CEIP A Guía.

11º.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención á infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña.

12º.- Dar conta do informe sobre a execución do Plan de axuste previsto no artigo 7 do Real Decreto Lei 4/2012, de 24 de febreiro.

13º.- Dación de contas sobre o Plan Concertado de Servizos Sociais 2013.

14º.- Moción da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de Moaña sobre Centro de Alta Resolución do Morrazo.

15º.- Moción do Grupo Municipal do BNG solicitando precisións e modificacións na proposta do Plan de Usos do Porto de Moaña.

16º.- Moción do Grupo Municipal do BNG solicitando a comparecencia ante o Pleno do concelleiro delegado de Facenda.

17º.- Moción do *COLECTIVO DE BENEFICIARI@S DE PENSIÓNS DO EXTRANXEIRO*.

18º.- Moción da Federación de AAVV A Chamusca sobre bibliotecas públicas de Moaña.

19º.- Rogos e preguntas.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

O Sr. Presidente dá conta do borrador das actas das sesións anteriores seguintes: 27/12/2012, 10/01/2013, 31/01/2013, 28/02/2013, 27/03/2013, 25/04/2013, 30/05/2013, 27/06/2013, 31/07/2013. Pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións sobre estas.

Sometidos os borradores das actas a votación, son aprobadas por unanimidade dos dezasete membros presentes as actas correspondentes ás seguintes sesións:

27/12/2012, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
10/01/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
31/01/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
28/02/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
27/03/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
25/04/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
30/05/2013, é aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.
27/06/2013, por proposta do BNG, propónse a corrección dun erro na páxina 2, onde di Sra Alcaldesa, debe dicir, Sr. Alcalde. É aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, corrixindo a modificando do citado erro
31/07/2013, e aprobada por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación.

2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre o 26/12/2012 e o 23/09/2013.

O Pleno da Corporación dáse por informado.

3º.- CONSTITUCIÓN DE MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBRIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO.

O Sr. Alcalde dá lectura á súa proposta, que literalmente di:

Vista a problemática xurdida como consecuencia da emisión por parte de NovaGalicia Banco de obrigacións preferentes e subordinadas e o número de afectados no Concello de Moaña, no uso das competencias que teño conferidas,

PROPOÑO:

*A constitución dunha **MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBLIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO.** Dita mesa estará formada polos seguintes membros :*

- O Sr. Alcalde.
- Un representante de cada Grupo Político, con participación no Concello.
- Tres membros da Plataforma de Afectados polas preferentes da Comarca do Morrazo.
- Un afectado polas mesmas e o seu avogado.
- Un representante do Concello.

Así mesmo o Alcalde acudirá, a solicitude dos afectados, aos actos de vista previstos ante o órgano xudicial competente, dando conta do resultado de cada un deles no punto primeiro da Orde do Día dos Plenos do Concello, salvagardando os datos de carácter persoal dos afectados

en virtude do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

As reunións celebraranse o terceiro mércores de cada mes as 20,30 horas.

En Moaña, a 13 de setembro de 2013

- Toma a palabra don José Curra Casqueiro para expoñer a problemática dos afectados.
- Toma a palabra, entre o público don Humberto Gestido quen manifesta que se serve para algo hai que implicar ao letrado do Concello para que nos asesore e debemos seguir traballando para conseguir a solución deste problema.
- Sr. Alcalde informa que realizou contactos con representantes de Novagalicia Banco para que designe o Banco un representante.
- Don José Curra Casqueiro sinala que hai que seguir loitando, estamos aquí por dignidade. Houbo discusións, e eu son moi directo e non lle quito nin unha coma ao que dixer, e pido desculpas si en algo ofendín ou se sentiron aludidos, por todo pide desculpas a todos e aos compañeiros.
- Intervén unha veciña presente quen indica que respecto ás participacións preferentes e obrigacións subordinadas, cambiou de posto o responsable de Novagalicia Banco, e sinala que respecto ao asesoramento do Concello non ven mal, pero indica que agora é un pouco tarde. Nós temos un avogado e nos indicou a vía a seguir. Recorda que o vindeiro día 3 de outubro vaise a celebrar unha manifestación, e invita a participar ne mesma.
- Don Humberto Gestido dá lectura a un escrito do Concello de Ponteareas e invita a todos a participación na manifestación do vindeiro xoves tres de outubro ante a sede de Novagalicia Banco na que se pedirá a paralización da venda do Banco, mentres non se repoñan os cartos aos afectados.
- Toma a palabra de novo unha veciña presente quen indica que non sabe se a nova vía de conciliación vai ser útil agora. Cree que unha vía de solucións sería saber se Novagalicia Banco vai a utilizar a vía da conciliación, e dicir, saber o que vai facer o Banco. Desta maneira os afectados non perderíamos o tempo nin a esperanza.
- O Sr. Alcalde sinala que o Partido Popular non ve problema a acudir o vindeiro xoves día tres de outubro á manifestación de Vigo na sede central do Banco.
- Intervén dona Marta Freire quen indica que de facerse a convocatoria, o PS de G-PSOE súmase a esta manifestación. Pide que se acuda ás reunións como Mesa e que se marque un calendario das reunións.
- O Sr. Alcalde indica que as reunións serán o terceiro mércores de cada mes.
- Don Xosé Manuel Millán, indica que aínda que sexa o terceiro mércores de cada mes, debemos facer a sesión constitutiva a próxima semana e que comeza xa.
- O Sr. Alcalde indica que xa falou co banco para que lle indiquen quen é o substituto de José Manuel Fernández para poder ter unha reunión.
- Don Xosé Manuel Millán sinala que apoia a manifestación de Vigo e se integran na Mesa. Dálle os parabéns aos afectados. Poucos conflitos deron lugar a tanta mobilización. Se traballou moito en ano e medio, grazas á mobilización colectiva, obtivéronse os resultados. Indícalles aos afectados “que non vos deixedes enganar”, que a conciliación é un engano. Feijoo acaba de descubrir o

Mediterráneo, xa que é unha forma de evitar tensións, vender o banco e os expertos din que só haberá conciliación se ven o asunto perdido. Teñen o apoio do BNG para que devolvan o 100% dos aforros a todos os afectados. Sinala que tamén pide perdón por se tamén se dixo algo que ofendeu.

- Don Humberto Gestido sinala que poucas mobilizacións duraron tanto tempo como esta, e xamais pensamos que íamos durar tanto tempo. Os afectados deberían haber saído todos á calle e algunha xente que solucionou o seu tema, nos foi abandonando. A nosa forza e gran volume de afectados e debemos saír todos a calle con independencia de que se resolva ou non o problema, xa que é o noso diñeiro. Toda a xente que tiña cartos en Novagalicia Banco púidose ver afectada. Algúns ríanse dos problemas dos demais. Necesitamos o apoio de todos nos e das forzas políticas que nos deben apoiar. Grazas a todos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acorda:

A constitución dunha **MESA DE ASESORAMENTO AOS AFECTADOS POLA EMISIÓN DE OBLIGACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE NOVAGALICIA BANCO**. A dita mesa estará formada polos seguintes membros :

- O Sr. Alcalde.
- Un representante de cada Grupo Político, con participación no Concello.
- Tres membros da Plataforma de Afectados polas preferentes da Comarca do Morrazo.
- Un afectado porlas mesmas e o seu avogado.
- Un representante do Concello.

Así mesmo o Alcalde acudirá, a solicitude dos afectados, aos actos de vista previstos ante o órgano xudicial competente, dando conta do resultado de cada un deles no punto primeiro da Orde do Día dos Plenos do Concello, salvagardando os datos de carácter persoal dos afectados en virtude do establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As reunións celebraranse o terceiro mércores de cada mes ás 20.30 horas.

4º.- APROBACIÓN REVISIÓN PLAN DE AXUSTE (REAL DECRETO 8/2013).

Infórmase de que na Comisión informativa de Facenda do 24/09/2013, emitiu ditame favorable a aprobación revisión plan axuste.

O Sr. Alcalde da lectura a Proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PLAN DE AXUSTE

Visto que con data 13 de setembro de 2013 se procedeu por esta Corporación Local (de acordo coa súa potestade de autoorganización) á revisión do Plan de Axuste aprobado polo Concello Pleno en data 30 de marzo de 2012.

Visto que con fecha 20 de setembro de 2013, o citado plan foi informado pola Intervención municipal.

Examinada la documentación que a acompaña e de acordo coa mesma, e de conformidade co establecido no Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio as entidades locais con problemas financeiros, polo que se pon en marcha unha última e terceira fase do mecanismo extraordinario de financiación para o pago e cancelación de débedas contraídas cos provedores das Entidades Locais, propónse o Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a presente revisión do Plan de Axuste aprobado polo Concello Pleno en data 30 de marzo de 2012, no marco do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais.

SEGUNDO. Remitir a revisión do Plan de Axuste, o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con firma electrónica.»

- Intervén o don José Freire quen sinala que o importe da operación de endebedamento ascende a 504.354,00 €. o tipo de interese anual calculado será do 5,25% a amortización será en dez anos, con dous anos de carencia. Sinala tamén os importes aproximados de amortización trimestral. Destaca que entre as medidas para incrementar os ingresos das taxas, o prezo público da escola de música, a cesión do Centro de Saúde de Domaio á Xunta de Galicia, e a eliminación do arrendamento do local de odontoloxía e fisioterapia. No caso de que non se aprobe o Ministerio de Facenda reducirá nun 50% a participación de tributos que remite ao Concello. Agora vainos reducir xa pola débeda que temos con Isolux Corsán.
- Intervén o don Xosé Manuel Millán quen sinala que o BNG móstrase contrario a este Plan de Axustes. Indica que os 504.354,00 € son facturas impagadas do 2012 e 2013 ata o Decreto do ICO. Xa denunciámos en xaneiro unha falla de criterio de actuación para mellorar os números. O orzamento liquidouse cun déficit de 700.000 €. e 550.000 de desfase. Quedaron impagados por un importe de un millón de euros a 31 de decembro de 2012, e agora se queren pagar con fondos ICO. Dixemos que contaban con BNG para reducir e o que fan vostedes con este plan e lanzar o balón a outro lado do campo para non aguantar aos provedores e pasar o problema ao ano 2015. Así se apraza unha débeda financeira e no ano 2015 non darán os números. Aumenten os ingresos e reduzan os gastos e non teñan déficit. Os provedores cobrarán e vostedes reduzan os gastos nos próximos meses. Así terán posibilidades de vivir, pero en 2015 existirá unha débeda financeira que superará o 110%. Con nós sobrepasaba o 35% agora chega ao 90% e no 2015 terá máis do 110%, e iso é unha corda ao pescozo. En vez de modificar a Lei de Facendas, o pago pasa a ser débeda financeira e en dous anos non é viable. A interventora presenta o informe e nos di nel que o Plan de Axustes non se cumpriu. Na escola de música que pensan duplicar ou triplicar as tarefas, non o fixeron e non o fixeron e non se atreven a traer un incremento serio nos ingresos. O que fan e darlle unha patada ao balón e mandalo a outro lado do campo para que o colla outro.
- Intervén o don Víctor Manuel Pastoriza quen manifesta que quere un orzamento, e mentres non vamos a apoiar cuestións económicas. Parece que só pode tomar medidas o Goberno Central, só hai propaganda e criminalización, todo menos tocar a Lei de Facendas. Hai unha caída de ingresos e cada mes temos máis de cento oitenta mil euros de débeda. Isto non ten solución, hai que mellorar os ingresos e revisar o IBI. Non nos traia asuntos económicos que non vamos a permitir que os leve a cabo.
- Intervén o don José Freire quen sinala que o endebedamento é do 95% e non do 110%. As facturas agora están contabilizadas na conta 413. As facturas, salvo a de Telefónica e Fenosa que son do 2012 o resto son do 2013.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor, os do PP, e nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

Rexeitar a proposta da Alcaldía de aprobación da revisión do Plan de Axuste aprobado polo Concello Pleno en data 30 de marzo de 2012, no marco do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 22/13, NA MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (Nº 11).

Infórmase que na Comisión informativa de Facenda do 24/09/2013, emitiu ditame favorable a aprobación da modificación de crédito 22/13, na modalidade de transferencia de crédito (nº 11).

O Sr. Alcalde da lectura a Proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tendo en conta que a praza de abastos de Moaña, está situada nun edificio tradicional de dúas plantas, ocupando a planta baixa do mesmo, no que se desenvolven actividades comerciais relacionadas coa alimentación, actividades que requiren dunhas condicións térmicas e sanitarias axeitadas, que requiren unha adaptación do edificio a nivel de instalacións de climatización.

Vista a Orde de 30 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos Concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo FEDER (DOGA nº88). Concello de Moaña, despois da xuntanza extraordinaria celebrada pola Mesa Local de Comercio de Moaña, acordou na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local, de data 31 de maio de 2013, solicitar unha subvención á Consellería de Economía e Industria para a “Instalación de aire acondicionado na praza de abastos”. Resolvendo a administración autonómica, en data 04 de setembro de 2013, concederlle ao Concello unha axuda equivalente o 75% do orzamento do proxecto (30.507,16€), debendo financiarse a parte restante con fondos propios (10.169,06€)..

Visto o anterior, e sendo preciso dotar crédito co obxecto de dar cobertura orzamentaria aos gastos derivados “Instalación de aire acondicionado na praza de abastos” (aportación municipal), faise precisa a modificación de créditos do Orzamento do Concello baixo a modalidade de transferencia de créditos.

Visto que con data 12 de setembro de 2013 emitiuse informe pola intervención municipal.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o órgano competente para á aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, proponse a adopción polo Pleno do seguinte acordo.

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 22/2013, na modalidade de Transferencia de crédito 11/2013 entre aplicacións pertencentes a diferentes areas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 10.169,06€.*

De acordo co seguinte detalle:

a) Partidas que ceden crédito.

Aplicación	Destino	Crédito a ceder
1550.61110	Mellora de camiños públicos	10.169,06

b) Partidas que reciben crédito.

Aplicación	Destino	Crédito a recibir
-------------------	----------------	--------------------------

SEGUNDO. *Expoñer este expediente o público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente se considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non presentaran reclamacións; en caso contrario, el Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.»*

- Intervén o don José Freire quen sinala que esta modificación afecta a distintas áreas de gasto e polo tanto é competencia do Pleno.
- Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que para que se entenda, solicítouse unha subvención para poñer o 25% e non hai crédito para facer a obra de aire acondicionado e veñen ao Pleno para facer a obra, e os camiños de Moaña que están mal, vamos a deixalos como están. Consideramos que eses camiños no están ben, e si non poden arranxar os camiños, aforren o aire acondicionado para a praza de abastos que como se compraran pasteis cando non temos para pan. Facémoslle un favor ao Concello, e unha vergonza transferir crédito por importe de dez mil euros para algo extra como é poñer aire acondicionado, e o Alcalde está nervioso e asinou unha certificación dicindo que tiñan crédito para iso. Recórdalle que a certificación en falso é unha falsidade en documento público. Espera que poidan poñer o aire acondicionado pero tamén que poidan arranxar os camiños.
- Intervén don Víctor Manuel Pastoriza quen indica que non damos o noso apoio, xa que na praza de abastos xa puxo unha billa de auga quente. Cando teña unha partida para iso, fágao, pero non saque cartos doutras partidas. Non estamos de acordo en quitar cartos de camiños para poñer aire acondicionado. Teña ingresos. A praza de abastos ten postos baleiros, nos pagamos luz, auga, conserxe e pagan 42 € cada mes. Unha caixa de peixe vale máis, e tamén a carne o pan ou a roupa. É dicir, estes prezos son baixos, todos os postos de peixe non dan para a luz. O máis grave é que hai cinco postos libres e supón que non pagan. Preocúpese por dar eses postos.
- O Sr. Alcalde explica que a problemática é que o peixe que se vende no mercado é de calidade boa, e no verán coa calor hai problemas. A nos preocupáanos a calidade e o aire acondicionado foi unha petición dos comerciantes da praza de abastos, xa que sería bo para conservar o produto. Non é por saír na foto. Nos buscaremos outras solucións para que a praza sexa un referente no Morrazo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor, os do PP, e nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

Rexeitar a proposta da Alcaldía para a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 22/2013, na modalidade de Transferencia de crédito 11/2013 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 10.169,06€.

6º.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA FESTA DE SAN MARTIÑO COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

Infórmase que na Comisión extraordinaria de Cultura do 24/09/2013, emitiu ditame favorable a Declaración da Festa de San Martiño como Festa de Interese Turístico de Galicia.

O Sr. Alcalde da lectura á Memoria-Proposta da Alcaldía na que se insta a declaración da Festa de San Martiño como de interese turístico de Galicia, ao amparo do previsto no Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico. A memoria literalmente di:

«DECLARACIÓN DA FESTA DE SAN MARTIÑO COMO DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA MEMORIA

ORIXE

A festa de San Martiño é máis antiga das que se celebran no concello de Moaña e tamén unha das máis importantes de toda a península do Morrazo.

Segundo o investigador Manuel Uxío García Barreiro, as referencias históricas ao culto a San Martiño entran nas terras do Morrazo a través dos conventos de frades cluniacienses e chegan a Moaña a partir da consagración da igrexa románica fundada no século XII na freguesía que aínda hoxe se coñece co mesmo nome e que foi o centro histórico do concello de Moaña ata mediados do século XX.

Este escritor afirma que o primeiro documento onde aparece o culto na honra de San Martiño data de 1637, cando o mosteiro de Santo Domingo de Pontevedra tiña que enviar “el día de san Martín de noviembre todos los años a la Yglesia de dho. Beneficio”, data e lugar que seguen a estar viventes a día de hoxe.

Nos séculos XVIII e XIX, segundo as ordenanzas da Confraría de San Antonio, o 11 de novembro e vésperas tiña que tocar no adro de San Martiño un gaitero ao que lle debía pagar a propia Confraría. Tamén existe documentación que acredita que en 1874 os actos relixiosos incluían misa maior, procesión, etc., comezaron a contratarse músicos, hai abundante foguetería e os actos cívicos desenvólvense no adro baixo da Igrexa, é dicir, a mesma estrutura que se segue a conservar aínda no século XXI.

DESENVOLVEMENTO NO SÉCULO XX

Ata o último cuarto do século XX, a festa tradicional do San Martiño tiña dúas partes que se mesturaban: a dos cultos relixiosos e a da actividade civil ou sociocultural. A parte relixiosa inclúe os cultos no templo e a procesión ao redor da Igrexa e a parte civil encárgase da festa profana que ten que ver coa organización dunha Comisión de Festas que comeza unha actividade de recadación financeira comunitaria para cubrir os gastos das distintas actividades musicais, de pasacorredoiras, foguetería, cartellaría, etc.

A partir dos anos 60 do pasado século a parroquia de San Martiño foi perdendo importancia relixiosa coa construción dunha nova igrexa no centro de Moaña e tamén perde influencia económica coa decadencia da tradicional feira agropecuaria e demográfica polo traslado de parte dos seus residentes a novos barrios urbanos.

A festa de san Martiño, polo contrario, desenvólvese de forma inversa á decadencia da parroquia. O seu carácter simbólico, tradicional, de visita ao centro histórico, de desconexión urbana e recreación dunha festa de orixe rural onde se proba o primeiro viño da colleita e as castañas que representan un novo outono, son todos eles factores de atractivo social que fan que a importancia desta festa se multiplique cada ano.

DATOS

Data: o día principal da festa é o 11 de novembro, festivo local en Moaña.

Actos relixiosos: misa e procesión

Actividade económica: venda do viño novo en bares, tabernas, baixos e “furanchos” que ofrecen tamén castañas, peixes e carnes.

Actividade sociocultural:

- a) Concertos musicais nocturnos a cargo de grupos musico-vocais.
- b) actos culturais paralelos (exposicións, teatro, etc.) no centro cultural San Martiño ou na antiga Casa Reitoral.

Afluencia de visitantes: o número de visitantes, tanto de Moaña como de todos os concellos do Morrazo e da cidade de Vigo, oscila entre tres a cinco milleiros por día, dependendo da temperatura, da xornada laboral ou festiva e da oferta cultural.

Infraestruturas e equipamentos para recepción de visitantes: Moaña dispón do único complexo hoteleiro con servizos de talasoterapia catalogado como 5 estrelas, ademais dunha rede de hostais, pensións e cámping. A proximidade de Cangas de Morrazo completa a oferta hostaleira.

Acción Promocional: a festa difúndese a varios niveis territoriais e sociais

- a) Entre o propio vecindario de San Martiño e de Moaña, coa edición dunha revista promocional.
- b) A través de prensa, radio e televisión para a comarca do Morrazo e área funcional de Vigo e Pontevedra.
- c) O efecto multiplicador das redes sociais, captan e aumenta cada ano a xa de por si notable asistencia de público xove, o que é unha garantía do relevo de visitantes durante os próximos anos.
- d) O Concello de Moaña apoia e axuda anualmente á difusión da festa.
Achéganse materiais impresos para documentar aspectos históricos e publicitarios do evento.

PROPOSTA

Polas razóns, datos e consideracións expostas, e a teor do recollido no decreto 39/2001 de 1 de febreiro, proponse que a festa de San Martiño sexa declarada pola Xunta de Galicia como festa de interese turístico de Galicia.

Moaña, 23 de agosto de 2013»

- Intervén o don Xosé Manuel Millán quen sinala que o BNG móstrase a favor da proposta. Sinala que a Memoria parécelles incompleta e hai que melloralala. Indica cál foi a urxencia para aprobar na Xunta de Goberno Local dita Memoria na que consta a advertencia do secretario.
- O Sr. Alcalde responde que sabíamos que o acordo debíase adoptar polo Pleno da Corporación pero fíxose así para adiantar a tramitación.
- Don Xosé Manuel Millán sinala que se toman acordos en contra dos informes do Secretario e da Intervención e resolve en contra do que sinalan os técnicos do Concello.
- Intervén don Víctor Manuel Pastoriza quen indica que o PS de G-PSOE vai a apoiar a proposta, e que estaban de acordo coa asociación de veciños. Alerta que se debe tramitar ben a festa.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Rematada a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta ditaminada de Declaración da Festa de San Martiño como Festa de Interese Turístico de Galicia,. O Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete membros que compoñen a Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria explicativa da Alcaldía, e solicitar a Xunta de Galicia a Declaración da festa do San Martiño de Moaña como festa de Galicia de interese turístico, por cumprir os requisitos esixidos no artigo 23 do Decreto 39/2001, de 1 de febreiro.

SEGUNDO.- Remitir copia deste acordo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

7º.- SOLICITUDE DA CONCESIONARIA DE REVISIÓN PREZOS PÚBLICOS DO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DO CONCELLO.

Infórmase que na Comisión extraordinaria de Facenda do 24/09/2013, emitiu ditame favorable a revisión de prezos públicos do servizo da piscina cuberta municipal do concello.

O Sr. Alcalde da lectura a súa Proposta que literalmente di:

« PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REVISIÓN DE TARIFAS E MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOAÑA

En data 31 de xullo de 2009 o Concello e a empresa AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A., asinan contrato de xestión e explotación, mediante concesión, da piscina municipal de Moaña. Na oferta presentada pola empresa adxudicataria se recollían aos tarifas a percibir dos usuarios polo prestación do servizo.

En consonancia co previsto na citada oferta e no contrato, o Pleno da Corporación, por acordo de 21 de outubro de 2009, aprobou definitivamente a "Ordenanza de prezos públicos polo servizo da piscina cuberta climatizada

municipal do Concello de Moaña”. O texto completo de dita ordenanza foi publicado no BOP o venres 30 de outubro de 2009.

Posteriormente en acordo plenario acordouse a modificación das tarifas, adaptándoas ao IVE, introducindo unha tarifa por abono familiar para catro ou máis membros da mesma unidade familiar, introducindo unha tarifa por unha nova actividade a implantar, denominada “Bike-Indoor”, engadindo unha tarifa por mantemento do abono de 10,10 €, destinada a abonados que durante un mes ao ano non fagan uso das instalacións e que substituirá nese mes a tarifa normal, introducindo unha tarifa por unha nova actividade, o curso intensivo de verán, composto de 10 sesións de 45 minutos, a desenvolver nos meses de xullo e agosto, e incluíndo unha tarifa para unha nova figura de abonado, o “abono individual de verán”, destinada a usuarios/as que pretendan gozar dos servizos da piscina unicamente entre os meses de xullo a setembro.

En data 14 de decembro de 2012, AQUALIA, concesionaria do servizo, presenta solicitude de revisión de prezos das tarifas existentes aplicando a fórmula prevista nos pregos.

Á vista do informe da Secretaría Municipal, de data 17 de xaneiro de 2013, de conformidade co disposto na cláusula 10 dos pregos do contrato, e entendendo que a solicitude de revisión de tarifas foi presentado en tempo e forma.

Visto o informe da Intervención Municipal, de data 17 de xaneiro de 2013, na que se refire o cumprimento dos requisitos da citada cláusula 10 dos pregos e por entender que a fórmula empregada pola concesionaria para a revisión de prezos coincide ca do estudo económico da oferta, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Aprobar a solicitude de revisión de tarifas presentado pola concesionaria do servizo da piscina municipal de Moaña por terse recollido no contrato e terse presentado en tempo e forma.

2.- Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza de prezos públicos polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal do Concello de Moaña”. As tarifas resultantes son as seguintes:

Conceptos	TARIFAS SIN IVA		
	BASE IMPONIBLE	NUEVAS TARIFAS SIN IVA	NUEVAS TARIFAS CON EL 21% DE IVA *
Individual	22,54	25,94	31,38
Familiar 2 Uds	25,09	28,87	34,93
Familiar 3 Uds	32,07	36,91	44,66
Reducido maiores 65 e discapacitados	19,19	22,08	26,71
Ingresos reducidos	15,33	17,64	21,34

Familiar 4 ou máis Uds	38,10	43,85	53,05
Individual Concello	11,27	12,97	15,69
Abono individual verán	32,20	37,06	44,84
Cota de mantemento	9,30	10,70	12,94
Bikeindoor	8,37	9,63	11,65
Matrículas			
Individual	27,88	32,08	38,81
Familiar	41,82	48,13	58,23
Reducido Maiores 65 e Discapacitados	23,54	27,09	32,77
Ingresos reducidos	23,54	27,09	32,77
Cursillista non abonado	18,59	21,39	25,88
Cursos en Piscina			
Bebés (2 d/semán 30 min)	19,78	21,61	26,14
Premamá (2 d/semán 45 min)	19,78	21,61	26,14
Natación infantil (2 d/semán 45 min)	18,59	20,82	25,19
Iniciación (2 d/semán 45 min)	18,59	20,82	25,19
Perfeccionamento (2 d/semán 30 min)	18,59	20,82	25,19
Xinaqua (2 d/semán 45 min)	19,78	21,61	26,14
Natación infantil (1 d/semán 45 min)	9,30	10,70	12,94
Adultos (1 d/semán)	9,30	10,70	12,94
Xinaqua (1 d/semán 45 min)	9,89	11,38	13,76
Bebés (1 d/semán 30 min)	9,89	11,38	13,76
Curso intensivo verán (quincenal, 3 d/s)	21,12	24,30	29,40
Curso intensivo verán (quincenal, 2 d/s)	20,11	23,14	27,99
Accesos Libres			
Individual	3,49	4,01	4,85
Reducido	2,15	2,47	2,98

Duplicidade de tarxeta	1,86	2,14	2,58
Perda de chave taquilla	1,86	2,14	2,58

* O 21% de IVE é o tipo actual. Aplicarase o tipo de IVE vixente en cada momento.

3.- Iniciar un período de información pública de 30 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de aprobación no Boletín Oficial da Provincia nun diario de tirada provincial.»

Intervén un veciño entre o público asistente quen sinala a súa preocupación porque a empresa concesionaria Aqualia está intentando subir as tarefas. Entrega un escrito que literalmente di:

«AQUALIA E A PISCINA MUNCPAL

Vaia por diante que as opinións que realizo a continuación, son como usuario das instalacións municipais que hoxe en día explota Aqualia e non como portavoz de usuarios. Apuntar tamén que levo aboado a piscina municipal, dende practicamente a súa apertura como aboado a mesma e tamén a aboado algunha das súas actividades internas de pago a maiores,

Dende a súa apertura, o incremento de aboados fol palpable polo que, dedúcese que é un servizo necesario para as xentes de Moaña.

Sen embargo, este crecemento non está sendo aproveitado por Aqualia para a mellora do servizo, se non máis ben para o contrario.

A falla de mantemento da maquinaria e instalación debemos sumar os recortes anunciados pola empresa a bombo e platillo en prensa: recortes plantilla, recortes actividades, recortes horarios. (sen recortes cotas).

Para min, a estratexia e a execución de despidos e recortes realizados pola empresa, foron dun menosprezo notable para os veciños e veciñas e Moaña e dobremente para os aboados, que miramos como nos despiden veciños e recortan servizos

Foron varias as denuncias feitas a empresa por quen escribe, deixando sempre queixas por escrito, máis a "non resposta" foi a súa opinión.

Se realmente Aqualia está preocupado polo futuro e a viabilidade da concesión, debería ter en conta a opinión de usuarios e veciños, do contrario por moito que suban cotas, a calidade do servizo seguirá empeorando, en consecuencia a fidelidade do cliente corre riscos que, hoxe en día empézanse a palpar.

O prego de condicións da concesionaria, entendo debe ser revisado e estudado a quen corresponde, a vós os políticos. Eu, como veciño e usuario pareceríame lamentable a aprobación dunha subida desorbitada e salvaxe como a que se plantexa.

Polo exposto, solicito exixir a Aqualia:

un maior mantemento da maquinaria e instalación

-Reposicións dos postos de tra bailo

-reposición das actividades recortadas

-a NON APROBACIÓN da subida das cotas os xa mermados aboados.

En Moaña a 26 setembro 2013 Asinado o aboado 1053»

- Outra veciña, entre o público asistente, entrega 245 sinaturas indicando que na piscina ten mal cheiro e as tubarías están atascadas. E pretenden subir máis do 15%. Sen embargo os políticos e os funcionarios pagan menos. E a piscina está arruinada actualmente, o teito está mal, a auga está fría, as veces ten cloro de máis e outras ten a auga asquerosa. Indica que votaron dous monitores a calle, e agora soben o 15%, e iso é moito. Se baixaron monitores e agora hai menos servizos, e as clases reducíronse, por iso non se entende a subida. Á piscina de Moaña vén moita xente de Bueu e de Cangas.
- Intervén don Víctor Manuel Pastoriza quen indica que os usuarios fixeron unha exposición da situación da piscina. Pagouse a un consulting e se elaboraron unhas bases e quizás exista algún desaxuste. Pero non teñen en conta aos usuarios. As tarefas estaban como as do entorno do noso Concello. Contemplábase o incremento do IPC pero a situación actual é que estamos empobrecidos. Aqualia fai o que lle da a gana. Hai que ter unha boa relación co concesionario xa que hai marxe para tocar as tarefas pero cando o servizo estea en boas condicións.
- Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que se mostra en contra da proposta. Levamos oito anos discutindo este tema. Xa se discutiu na prensa. E unha subida do máis do 15% e faise imposible asumir polos veciños. O PP neste asunto se desentendeu totalmente. A comezos do 2012 Aqualia pediu a revisión de prezos. O Alcalde meteu a solicitude nun caixón e se acumularon e se incorporaron un segundo incremento, e cada vez irá medrando máis. O Alcalde doulle unha patada ao problema e como está en minoría, pois nove meses despois está o problema sen solución. Debe abrir vías de negociación e sentarse a falar coa empresa. Dixo que ia a chamar a empresa e non o fixo. A solución e, xa que en xaneiro haberá outra petición de incremento, e sentarse a dialogar. A piscina é municipal e débese reclamar ao delegado de deportes ao que lle corresponde esixir que se manteña ben. O prego é preciso nas súas obrigas como empresa, pero estamos ante un goberno ao que todo lle da igual. Temos as instalacións deportivas abandonadas, na Fraga se está enchendo de maleza, o pavillón de Reibón cheira mal. Hai un deterioro das instalacións deportivas, e só se culpabiliza aos anteriores e vostedes deben conservar mellor as cousas. Os usuarios son conscientes de que se se sube escalonadamente e se mellora o servizo estarán de acordo. Por estes motivos votará en contra.
- Intervén don Jorge Santomé quen lle indica ao Sr. Millán que xa tiña mono de falar no Pleno. Agora decátase de que lle importa o deporte, pensou que era profesor de literatura e da clase de todo. Nos se traemos isto non é por capricho, é por legalidade. A cláusula di que tras dous anos procede o incremento das tarefas. Hai dúas formas de subida, segundo o IPC. Eles xustifican os gastos de luz, auga, persoal, etc. No prego di que se o Concello non modifica as ordenanzas, o concello debe indemnizar e estamos obrigados e se non pagamos todos cos cartos do Concello. Pódese negociar con Aqualia. Sinala que el non é usuario da piscina, pero tamén estou preocupado pola petición que fixo a concesionaria. Nos podemos esixirle a empresa.
- Intervén una veciña entre o público, quen indica que se se abriu no 2009, no 2011 tiñan que subir e non o fixeron.
- Don Jorge Santomé sinala que non acumula a subida se non o fixeron.
- A veciña sinala que agora sube todo de golpe, e iso é moito.
- Intervén don Víctor Manuel Pastoriza quen indica que a empresa concesionaria estará interesada en chegar a un acordo. As subidas se estamos de acordo se poden facer. Non subiron os salarios,

subiron o IVE, pero teñen ferramentas para negociar con eles. Destaca que hai deficiencias que se deben corrixir.

- Don Jorge Santomé sinala que se non paga o usuario o pagará o Concello. Poderase revisar e sentarse con eles. O usuario debe pagar o do contrario pagará o Concello.
- Intervén don Xosé Manuel Millán quen indica que sodes un goberno moi afortunado. Non leíchedes o contrato. Hai un deterioro no servizo, e tedes responsabilidades de acumular os problemas. Ti Jorge es o responsable do servizo. En ningún lugar darlle patadas a un balón non é título suficiente, hai que ter sentido común e de responsabilidade, que ti non tes.
- Intervén o Sr. Alcalde quen sinala que dentro do contrato o que fede é Aqualia, xa dende 2004. O Sr. Millán non lle gusta, e un home de lingua, e grazas ao Sr. Millán enriquecese Aqualia. Nos ímoslle a esixir todo a Aqualia. Mañá a empresa reclamarannos cincuenta mil euros e a empresa seguirá enriquecéndose a nosa conta. Nos esixirémoslle a Aqualia que cumpra as súas obrigas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor, os do PP, e nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE, acorda:

Rexeitar a proposta da Alcaldía sobre a solicitude da concesionaria de revisión prezos públicos do servizo da piscina cuberta municipal do concello de Moaña.

8º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN.

Infórmase que na Comisión extraordinaria de Facenda do 29/01/2013, emitiu ditame favorable a resolución de alegacións e aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración no Concello de Moaña.

Dona Susana Varela da lectura a Proposta da Alcaldía que literalmente di:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA NOVA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS DO CONCELLO DE MOAÑA

O día 27 de setembro o Pleno da Corporación Municipal aproba inicialmente o texto da Ordenanza. O citado expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días, comprendidos entre o día 14 de decembro de 2012 e o día 22 de xaneiro de 2013, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 239 do 13/12/12, formulándose no mesmo prazo as seguintes alegacións:

- D. Miguel Enríquez López. Nº de rexistro de entrada 220 de 11 de xaneiro de 2013.
- Grupo Municipal do BNG. Nº de rexistro de entrada 443 de 22 de xaneiro de 2013.
- Grupo Municipal do PSG-PSOE. Nº de rexistro de entrada 446 de 22 de xaneiro de 2013.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 29 de xaneiro de 2013, no que se sinala a conveniencia de modificación de determinados artigos, e valorando as alegacións presentadas.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas por D. Miguel Enríquez López sobre modificación do artigo 19 e 23. Estimar parcialmente as alegacións sobre modificación do artigo 16, no senso da inclusión dun novo parágrafo 3º, recollendo aínda que non integramente, propostas de modificación dos límites propostos na ordenanza para a instalación de terrazas, ampliando estes en referencia aos previstos inicialmente na ordenanza.

SEGUNDO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do BNG sobre substitución do apartado f) do artigo 4º, de eliminación do epígrafe 7 deste artigo 4º e de ampliación do parágrafo 6º deste mesmo artigo 4º, de engadir un epígrafe 2 bis ao artigo 7º, de engadir parágrafo ao artigo 14º, de supresión de parágrafos do artigo 15, de engadido de parágrafo deste mesmo artigo 15, de supresión de limitación do artigo 16, de engadido en parágrafo deste artigo 16, de engadido de parágrafos do artigo 19, se ben ampliando a superficie de paso de peóns a 1,80 mts , de engadido de suposto de engadido de suposto no artigo 22, e de engadir un terceiro parágrafo á disposición transitoria. Estimar parcialmente a proposta de modificación do artigo 23, no senso de incrementar as sancións pero non na medida proposta polo BNG. Estimar parcialmente a proposta de modificación do apartado 2º da disposición transitoria, pero fixando coma prazo de regularización das terrazas existentes o de seis meses.

TERCEIRO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do PSG-PSOE de engadido ás letras a) e f) do parágrafo 1 do artigo 4 e sobre substitución da letra g) do artigo 4º, de substitución no artigo 9, de engadido do artigo 10, de engadido e supresión de parágrafos do artigo 15, de engadido de nova limitación do artigo 16, de inclusión de novo e substitución de apartados do artigo 17, de modificación do parágrafo 2º do artigo 22, e de inclusión de letra f) no apartado 2º e c) no terceiro deste artigo, de inclusión dun novo artigo 25, e disposición final. Estimar parcialmente a alegación de modificación do artigo 19 non senso de limitar a superficie da terraza con cerramento estábel, non á propia superficie do local, senón ao 40% deste e recollendo o límite de 0,80 mts dende a beirarrúa para maniobrabilidade de usuarios de vehículos, estimar parcialmente a proposta de modificación do artigo 23, no senso de incrementar as sancións pero non na medida proposta polo PSG-PSOE, e de modificación da transitoria, na medida en que se amplía o prazo proposto na mesma a seis meses. Desestimar a alegación do PSG-PSOE sobre a modificación do artigo 4.3º redacción actual, sobre a posibilidade de pagar a taxa no momento de retirar a autorización, por entender que de facerse no momento da solicitude en réxime de autoliquidación, no caso de que logo non se concedese a autorización solicitada habería que habilitar procesos de devolución de ingresos, prexudicando a operatividade da Tesouraría. Desestimar a proposta de modificación do epígrafe 1 do artigo 7º por entender conveniente a tramitación das renovacións das autorizacións no período fixado no texto inicial da Ordenanza.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a nova ordenanza municipal reguladora de terrazas do Concello de Moaña.

QUINTO.- Proceder a publicación do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da Ordenanza, no BOP previo á súa entrada en vigor.

O texto definitivamente aprobado presenta o seguinte teor:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS PARA ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

1.- O obxectivo desta ordenanza é regularizar a instalación, uso de materiais e aproveitamento de terrazas no termo municipal de Moaña sen prexuízo, neste caso, da competencia que poidan ter outras administracións en terreos sitios neste concello. Limitase o uso de terrazas ás actividades de restauración e exclúese o uso de tales a outras actividades.

Artigo 2.- Definicións

1.- **Terrazas de veladores:** son as instalacións formadas por mesas, cadeiras, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbil e desmontábel, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalaría.

2.- **Velador:** conxunto composto por mesa e cadeiras con finalidade lucrativa para o servizo de establecemento de hostalaría.

3.- **Cerramento estábel:** son terrazas de veladores cun paramento estábel no seu perímetro e cubertas mediante elementos prefabricados, doadamente desmontábeis, translúcidos, que se atopan

en terreos de titularidade ou uso público e que desenvolven a súa actividade de forma accesoria e dependente dun establecemento principal de hostalaría ou restauración, podendo realizar unicamente a mesma actividade e expender os mesmos produtos que o establecemento do que dependen.

4.- **Mesa alta:** considéranse así a unidade de mesa ou similar urbano, individual ou en agrupación distinta ao velador, calquera que sexa a súa forma. No caso de utilizarse con cadeiras, terán a consideración de velador.

Artigo 3.- Licenzas

1.- A autorización para instalar terrazas e os outros usos requirirá da previa licenza de apertura do establecemento en función do cal se pretenda instalar as terrazas, ademais da licenza de actividade propia e, se é o caso, de obra.

2.- A instalación de terrazas requirirá do outorgamento da autorización municipal previa regulada nesta ordenanza.

3.- Poderán solicitar a autorización as e os titulares dos establecementos sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulen.

4.- Para os efectos do disposto no apartado anterior, teranse en consideración a titularidade e a actividade que consten na licenza de apertura.

5.- Son actividades de restauración as determinadas no apartado 2.7 da Orde do 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a saber, restaurantes, salóns de banquetes, bar, café - bar e cafetería.

Artigo 4.- Solicitudes

1.- Xunto coas solicitudes, presentarase:

a) Plano que inclúa a localización, superficie que vai ocupar e elementos que se van instalar, acoutado coas medidas do espazo que se vai ocupar, espazo libre da vía pública despois da ocupación e superficie de ocupación. Deberá indicarse o número de mesas e cadeiras a instalar, así como os toldos, parasoles e demais elementos decorativos.

b) Fotocopia do DNI ou NIF do/a titular.

c) Certificados de estar ao corrente no pago das obrigas tributarias, coa facenda municipal e da seguridade social.

d) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e de incendios que inclúa expresamente a actividade obxecto da autorización.

e) Copia da constitución da fianza de reposición por posíbel deterioro do espazo público ocupado.

f) No caso de cerramento estábel, presentarase a documentación técnica exixíbel para a solicitude de licenza de obra menor, asinada polo persoal técnico habilitado competente e a autorización administrativa deberá ir acompañada pola correspondente licenza de obra, seguindo as normas de tramitación legalmente establecidas.

g) Xustificante de pago das taxas e impostos que resulten de aplicación.

2.- Para conceder a autorización será necesario estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e de dereito público con este Concello.

3.- A taxa correspondente aboarase ao retirar a autorización no caso de ser outorgada.

4.- O/a interesado/a deberá obter, anualmente, do Concello, a renovación das autorizacións, mediante o pago da taxa correspondente, e o/a solicitante debe atoparse ao corrente no pago das súas obrigas tributarias, coa facenda municipal e de dereito público con este.

5.- O feito de ter sido titular de autorización en períodos anteriores non xera para o/a interesado/a dereito ningún en posteriores peticións, nin vincula en canto ao número de elementos autorizados.

6.- Establécese como prazo anual de presentación de solicitude e, se é o caso para a renovación de autorizacións ou modificacións de autorizacións concedidas dende o 1 de xaneiro ata o 31 de marzo de cada ano. As novas solicitudes poderán ser tramitadas sen limitación de data.

7.- A instalación da terraza, sen ter efectuado o pago da taxa do ano anterior, será considerada, para os efectos desta ordenanza, como instalación da terraza sen licenza municipal; procederase a notificar a paralización desta actividade coa retirada dos elementos que posibilitan a actividade.

Artigo 5.- Fianza

1.- No momento de realizar a solicitude, e para responder dos posíbeis deterioros que se poidan causar no dominio público e nas súas instalacións, será preciso a constitución dunha fianza.

2.- O importe desta fianza será dun 30% da cota anual que hai que satisfacer como mínimo; determínase no caso de cerramento estábel un 6% adicional en función da valoración das obras que se vaian executar.

Artigo 6.- Modificacións

No suposto de que se acordase a renovación, as/os interesadas/os en modificar o autorizado o ano anterior deberán solicitalo expresamente, no prazo que se establece para o efecto, para o que achegarán a documentación da nova ocupación pretendida que cumpra os requisitos establecidos no artigo 4.1.

Artigo 7.- Vixencia

1.- As autorizacións terán vixencia para o ano natural, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

2.- Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, de implantación, supresión ou modificación de servizos ou de realización de actos públicos ou privados, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito á indemnización en favor do/a interesado/a.

3.- As terrazas de veladores poderán manter a súa actividade durante a totalidade do ano, sen prexuízo de que normas doutras administracións competentes poidan limitar o seu período de instalación. Os cerramentos estábeis poderán ser instalados entre o 1 de novembro e o 30 de abril do ano seguinte, data en que deberán estar totalmente desmontados.

Artigo 8.- Silencio administrativo

As solicitudes non resoltas expresamente no prazo de tres meses, que comezará a contar dende a presentación, entenderanse como denegadas.

Artigo 9.- Carácter da autorización

A autorización para ocupar temporalmente terreos de dominio e uso público de mesas, cadeiras, e análogos outorgarase en réxime de precario, tendo en conta os criterios que se establecen na propia ordenanza, non terá carácter discrecional.

Artigo 10.- Transmisibilidade

1.- As autorizacións para instalar as terrazas de veladores serán transmisibeis conxuntamente coas licenzas dos establecementos principais, subrogándose todas as condicións establecidas para a apertura destes. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directamente ou indirectamente en todo ou en parte.

2.- No caso de falecemento do titular subróganse na mesma os seus herdeiros, sempre que se manteña a licenza para a actividade principal e a terraza. A subrogación deberá solicitarse ante o Concello, acreditando a condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licenza de actividade do establecemento.

TÍTULO II

RÉXIME XURÍDICO

Artigo 11.- Actividade

A autorización para instalar a terraza estará condicionada a exercer a actividade nos mesmos termos que establece a correspondente licenza de apertura do establecemento, coas limitacións que en materia de consumo, prevención de alcoholismo, emisión de ruídos etc. se establezan nas ordenanzas municipais e na lexislación sectorial aplicábel vixente.

Artigo 12.- Horarios

O horario de funcionamento das terrazas situadas en dominio público ou de titularidade privada ou uso público será o que teña a actividade asociada.

Artigo 13.- Mantemento

Fóra do horario diario autorizado para exercer a actividade nas terrazas autorizadas, as e os titulares están obrigados a retirar e almacenar debidamente fóra dos espazos públicos os elementos do mobiliario urbano que no constitúan cerramento estábel.

Durante o período da autorización, os e as titulares deberán realizar os labores de limpeza da superficie ocupada e dos elementos existentes dentro desta.

TÍTULO III

CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

Artigo 14.- Criterios de concesión

1.- As autorizacións de instalacións de terrazas terán en consideración a incidencia do tráfico peonil, o número de terrazas solicitadas para a mesma zona, o contorno visual dos espazos públicos, prevalecendo en todo caso o uso común xeral.

2.- O Concello sinalará unha porcentaxe do espazo máximo de ocupación por terrazas de veladores coa superficie total de zonas peonís.

3.- En todo caso , e independentemente doutras limitacións, as terrazas de veladores non poderán baixo ningún concepto ocupar unha superficie superior ao 50% do polígono formado pola arista da beirarrúa e os límites da fachada adscrita ao establecemento de acordo co sinalado no artigo 15.

Artigo 15.- Superficie autorizábel e modalidade de ocupación

Como regra xeral, a instalación de terraza realizarase apegada á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar a lonxitude, e deixando expedito o acceso ás vivendas e locais colindantes.

A instalación da terraza de veladores realizarase:

- No caso de instalarse apegada á fachada do edificio, a súa lonxitude non poderá superar a porción desta ocupada polo establecemento, excepto que se conte coa autorización do/a titular do edificio.

- Se a instalación se realiza fronte ao establecemento, non poderá superar a lonxitude da fachada do propio edificio.

- Se máis dun establecemento do mesmo edificio solicita autorización de veladores, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho da fronte da súa fachada e repartiranse o resto da lonxitude da fachada propia.

- Cando o espazo permita implantar máis dunha fila de veladores, poderán disporse como mellor conveña sempre que permita o fácil acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso dos/as camareiros/as. A superficie ocupada polo corredor contabilizará dentro da superficie de ocupación da terraza.

- O Concello, previo informe dos técnicos municipais, determinará a idoneidade da instalación da terraza apegada á fachada do edificio ou na súa fronte, tendo en conta as condicións de accesibilidade e seguridade dos usuarios da vía pública e as limitacións de estacionamento.

Artigo 16.- Limitacións

As autorizacións para instalar terrazas de veladores estarán suxeitas ás seguintes limitacións ou restricións:

- Non se permitirá para un mesmo establecemento instalar a terraza de veladores con cerramento perdurábel e terraza de veladores sen cerramento estábel no mesmo espazo.

- Non poderá colocarse no solo de titularidade ou uso público mobiliario ou elementos que non estean incluídos expresamente na autorización.

- A disposición das terrazas deberá integrarse no mobiliario urbano existente e de modo que non dificulte ou impida a visibilidade e tránsito e correcto uso dos elementos que xa se atopen instalados na vía pública. En todo caso, deixarase o espazo público para o acceso a portais, pasaxes permanentes, mobiliario urbano, así como a utilización dos servizos públicos, tales como pasos peonís, zonas de accesibilidade que suprimen barreiras arquitectónicas...

- Está prohibido instalar máquinas expendedoras automáticas, recreativas, de xogos de azar, futbolíns ou calquera tipo de aparellos recreativos ou audiovisuais, e outras análogas.

- Non se permitirá instalar mostradores ou outros elementos para o servizo da terraza, que deberá ser atendida dende o propio establecemento.

-Todas as instalacións que se pretendan situar na terraza deberán cumprir a lexislación sectorial vixente.

- Será requisito indispensable para a concesión da autorización que se deixe, como mínimo, un espazo de 1,80 metros de obstáculos para o tránsito de viandantes.

- Non se permite a instalación de terrazas de veladores sobre a superficie de zonas axardinadas.

Artigo 17.- Estética

Por cuestión de estética, as terrazas deberán axustarse ás seguintes precisións:

a) Manterase para os parasoles unha soa cor por terraza. Cada parasol ou toldo deberá ser dunha única cor.

b) As mesas e cadeiras serán de madeira, metálicas, plásticas ou derivadas, en cor natural e poden conxugarse con complementos nas cores segundo o criterio do apartado a). No caso de seren de madeira, estas serán vernizadas en cor escura. Deberá garantirse a uniformidade e homoxeneidade nos elementos, quedando totalmente prohibido o uso nun mesmo espazo de mesas e cadeiras de distintas formas, materiais e cores.

c) Ningún destes elementos poderá ter publicidade, salvo o anagrama ou nome do establecemento.

d) Os almacenamentos do mobiliario realizaranse en espazo privado e deixarase en cada xornada o espazo ocupado nas condicións de limpeza axeitadas.

e) Queda prohibido almacenar ou amorear produtos ou materiais xunto ás terrazas, así como residuos propios da instalación.

f) Deberá figurar nun sitio visíbel a lista de prezos e demais autorizacións precisas, así como os horarios.

Artigo 18.- Condicións específicas para instalar terrazas de veladores sen cerramento perdurábel
Cumprirase para calquera das terrazas autorizadas a normativa de carácter local, autonómica ou estatal de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas vixente no momento da instalación destas.

Artigo 19.- Condicións específicas para instalar terrazas de veladores con cerramentos estábeis
Este artigo, ao igual que o anterior, tamén se rexe pola normativa de carácter local, autonómica ou estatal de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas vixente no momento da instalación da terraza.

As limitacións e condicións serán, en todo caso, as seguintes:

a) Só se permitirá un paramento estábel, prefabricado, translúcido, doadamente desmontábel, por local ou establecemento ademais do elemento de cubrición.

b) A lonxitude de ocupación do cerramento será:

- Se se sitúa fronte do establecemento, como máximo a lonxitude da fachada do edificio onde se atopa o establecemento principal.

- Se se sitúa apegado á fachada principal do establecemento, só poderá ocupar a lonxitude desta.

c) A altura mínima interior será de 2,20 m.

O cerramento estábel deberá contar cun cartel indicativo do aforo máximo.

d) Non se permite colocar ningún elemento no exterior do cerramento como aparellos, TV, pantallas, autofalantes...

e) Os elementos que se instalen no interior do cerramento deberán cumprir a lexislación sectorial vixente.

f) A superficie autorizada como terraza con parámetro estábel non poderá superar o 40% da superficie do local principal destinada a uso público, excluídas as superficies de servizos, barra, zonas de elaboración e conservación e expositores.

g) En ningún caso o cerramento poderá incluír os catro laterais, tendo en conta a fachada do local.

h) As instalacións fixas non poderán superar no ancho a metade do tramo de beirarrúa que ocupen, e en ningún caso o paso para peóns será inferior a 1,80 metros. De estaren situadas na frontal do establecemento, deberán deixar libre unha franxa de 0,80 metros dende o bordo da beirarrúa para facilitar as manobras de aparcamento e acceso dos usuarios dos vehículos estacionados.

i) Os cerramentos de veladores, nos casos excepcionais que estes estean instalados separados da fachada, non poderán estar suxeitos ou ancorados a esta, e deben deixar o paso peonil totalmente expedito por todas as partes

Artigo 20.- Prohibicións

A autoridade municipal denegará a solicitude destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Que a instalación se pretenda realizar na calzada, na zona de aparcamentos de vehículos ou nas zonas axardinadas.

- Que supoña para atendela atravesar calzada con tráfico rodado, que entrañe perigo e risco.

- Que supoña prexuízo para a seguridade viaria (diminución da visibilidade etc.) ou que dificulte o tráfico peonil.

- Que poida incidir sobre a seguridade dos edificios e locais próximos, sobre todo en canto á zonas de evacuación.

- Que impida ou dificulte o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, bancos etc.).

- Outras que a criterio municipal se poidan considerar.

Artigo 21.- Condicións para instalar mesas altas

A disposición de mesas altas deberá garantir unha zona de paso libre mínima e aplicaráselle as limitacións e prohibicións establecidas nos apartados anteriores, así como o recollido no artigo 19 respecto das beirarrúas.

TÍTULO IV

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 22.- Infraccións

Consideraranse infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan a normativa contida nesta ordenanza.

As infraccións serán sancionadas pola Alcaldía o polo/a concelleiro/a delegado/a da área, previa instrución do correspondente expediente, e clasificaranse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) O estado de sucidade ou deterioro da terraza e a súa contorna próxima, cando sexa consecuencia da instalación da terraza ou uso.
- b) Almacenar ou amorear produtos, envases ou residuos na zona da terraza ou en calquera outro espazo da vía pública.
- c) Incumprir calquera outra obriga prevista nesta ordenanza que non sexa constitutiva de infracción grave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) Incumprir o horario establecido.
- b) A maior ocupación de superficie e/ou a instalación de elementos de mobiliario urbano non previstos na autorización ou en número maior dos autorizados.
- c) O deterioro nos elementos do mobiliario urbano e ornamental producidos como consecuencia da terraza.
- d) Incumprir a obriga de retirar ou recoller e amorear o mobiliario da terraza ao finalizar o horario de funcionamento.
- e) Reincidir por tres ocasións nunha falta leve.
- f) A instalación da terraza carecendo da oportuna licenza municipal.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

- a) Negarse ou impedir a comprobación, control o inspección por parte dos/das axentes da autoridade.
- b) Reincidir por tres ocasións nalgunha falta grave.
- c) A ocultación, falsidade ou manipulación de datos consignados na solicitude ou da documentación anexa achegada.
- d) Desatender os requirimentos da Administración relativos ao incumprimento das normas establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente.

Artigo 23.- Sancións

1.- Incumprir as condicións establecidas na licenza poderá dar lugar á suspensión temporal ou á revogación da autorización, atendendo á gravidade da infracción, transcendencia social do feito e outras circunstancias que concorran no caso, así como outros elementos que poidan considerarse atenuantes ou agravantes de acordo co seguinte:

- No caso de infraccións leves, a multa municipal poderá ser de 20 ata 100 €.
- No caso de infraccións graves, a multa municipal poderá ser de 101 ata 501 €.
- No caso de infraccións moi graves poderán determinarse multas de 501 ata 1.000 € e incluso impoñerse a suspensión definitiva da licenza.

3.- Así mesmo, e alén da sanción que en cada caso corresponda, a Administración municipal ordenará, se é o caso, retirar os elementos e instalacións con restitución ao estado anterior á comisión da infracción.

- Os/as titulares das licenzas deberán cumprir as ordes da retirada nun prazo máximo de 48h dende o día seguinte á notificación. No caso de incumprimento, o Concello executaraa subsidiariamente a custa dos/as obrigados/as, que deberán aboar os gastos de retirada, transporte e depósito dos materiais.

4.- Nos supostos de instalacións de terrazas sen a oportuna autorización ou que non se axustan ao autorizado, así como por razóns de seguridade, o Concello poderá retirar de forma inmediata e sen previo aviso toda a terraza ou os elementos non autorizados, segundo corresponda; os gastos que se produzan serán por conta da/o titular.

5.- Sen prexuízo do anterior, os actos ou incumprimentos nesta materia que impliquen infracción da normativa urbanística serán obxecto de sanción nos termos que determine o réxime sancionador previsto nesta.

Artigo 24.- Servizos de inspección

O exercicio das funcións de inspección e comprobación do incumprimento do disposto na presente ordenanza corresponderá aos/ás axentes do Corpo de Policía Municipal.

Artigo 25.- Prescricións das infraccións e sancións:

O prazo de prescrición das infraccións será de tres anos para as moi graves, de dous anos para as graves e de seis meses para as leves.

As sancións impostas polas infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves aos seis meses.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1.- Durante o primeiro ano natural de vixencia da presente ordenanza, todas as solicitudes deberán tramitarse como novas.

2.- Os titulares de terrazas, mesas, cadeiras, que contén con licenza municipal no momento da entrada en vigor desta Ordenanza, disporán de un prazo de 6 meses para adaptarse ás súas determinacións. De non iniciar a tramitación esixida neste prazo, procederase á incoación de expediente sancionador, e se é o caso, aplicarase o establecido no epígrafe 3º do artigo 23.

3.- No prazo de 3 meses a partir da entrada en vigor desta ordenanza, procederase á tramitación e aprobación dunha nova "Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa" que terá en conta ao obxecto de establecer as correspondentes taxas:

a) As distintas modalidades de ocupación previstas nesta ordenanza.

b) A titularidade exclusiva ou compartida do dominio público sobre o que se exerce a actividade regulada.

c) A situación xeográfica e potenciais rendementos económicos dos bens de dominio público autorizados para o seu uso lucrativo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Ca entrada en vigor da presente ordenanza, queda derogada a anterior ordenanza de terrazas do Concello de Moaña e cantas disposicións do mesmo ou inferior rango regulen as materias contidas na presente Ordenanza, en canto se opoñan ou contradigan ao contido da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

Moaña, 29 de xaneiro de 2012.»

- Intervén don Xosé Manuel Millán, quen indica que apoia as alegacións e a ordenanza que xa foi ditaminada. Hai un asunto non modificado que agora hai que arranxar, e o réxime sancionador que lle parecía ao BNG ridículo, e hai que buscar un termino medio. Así o que incumpra vai a ser sancionado cunha cantidade suficiente.
- O Sr. Alcalde indica que modificaron as sancións.
- Don Xosé Manuel Millán sinala que se copiou as sancións da anterior ordenanza. Defende o uso dos peóns porque a rúa é de todos. Hai unha situación de temporalidade. Hai dous establecementos que se adiantaron con bo criterio e non atrancan a vía pública. Hai que facer cumprir a ordenanza. Insiste en que agora con esta ordenanza hai uns espazos públicos regulados xunto aos hostaleiros. Pero teme que isto vaia a quedar en papel mollado. Desexa que se corrixan as ilegalidades das terrazas ou as castas ilegais encima das beirarrúas. Vostedes lles permitiron utilizar as beirarrúas sen molestalos e ocuparon durante tres anos os espazos públicos sen pagar nada. Poña en práctica a ordenanza e outorgue un prazo de 6 meses para que se axusten a ela, xa que máis do 90% deben adecuarse a nova ordenanza. Os pendellos non se poden poñer todo o ano, só para o período de choiva, pero co sol teñen que desaparecer para que as beirarrúas sexan dos veciños.
- O Sr. Alcalde responde que non é certo que leven moitas terrazas sen pagar dende hai tempo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros

presentes que compoñen a Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas por D. Miguel Enríquez López sobre modificación do artigo 19 e 23. Estimar parcialmente as alegacións sobre modificación do artigo 16, no senso da inclusión dun novo parágrafo 3º, recollendo aínda que non integramente, propostas de modificación dos límites propostos na ordenanza para a instalación de terrazas, ampliando os mesmos en referencia aos previstos inicialmente na ordenanza.

SEGUNDO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do BNG sobre substitución do apartado f) do artigo 4º, de eliminación do epígrafe 7 deste artigo 4º e de ampliación do parágrafo 6º deste mesmo artigo 4º, de engadir un epígrafe 2 bis ao artigo 7º, de engadir parágrafo ao artigo 14º, de supresión de parágrafos do artigo 15, de engadido de parágrafo deste mesmo artigo 15, de supresión de limitación do artigo 16, de engadido en parágrafo deste artigo 16, de engadido de parágrafos do artigo 19, se ben ampliando a superficie de paso de peóns a 1,80 mts , de engadido de suposto de engadido de suposto no artigo 22, e de engadir un terceiro parágrafo á disposición transitoria. Estimar parcialmente a proposta de modificación do artigo 23, no senso de incrementar as sancións pero non na medida proposta polo BNG. Estimar parcialmente a proposta de modificación do apartado 2º da disposición transitoria, pero fixando coma prazo de regularización das terrazas existentes o de seis meses.

TERCEIRO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do PSG-PSOE de engadido ás letras a) e f) do parágrafo 1 do artigo 4 e sobre substitución da letra g) do artigo 4º, de substitución no artigo 9, de engadido do artigo 10, de engadido e supresión de parágrafos do artigo 15, de engadido de nova limitación do artigo 16, de inclusión de novo e substitución de apartados do artigo 17, de modificación do parágrafo 2º do artigo 22, e de inclusión de letra f) no apartado 2º e c) no terceiro deste artigo, de inclusión dun novo artigo 25, e disposición final. Estimar parcialmente a alegación de modificación do artigo 19 no senso de limitar a superficie da terraza con cerramento estábel, non á propia superficie do local, senón ao 40% deste e recollendo o límite de 0,80 mts dende a beirarrúa para maniobrabilidade de usuarios de vehículos, estimar parcialmente a proposta de modificación do artigo 23, no senso de incrementar as sancións pero non na medida proposta polo PSG-PSOE, e de modificación da transitoria, na medida en que se amplía o prazo proposto na mesma a seis meses. Desestimar a alegación do PSG-PSOE sobre a modificación do artigo 4.3º redacción actual, sobre a posibilidade de pagar a taxa no momento de retirar a autorización, por entender que de facerse no momento da solicitude en réxime de autoliquidación, no caso de que logo non se concedese a autorización solicitada habería que habilitar procesos de devolución de ingresos, prexudicando a operatividade da Tesourería. Desestimar a proposta de modificación do epígrafe 1 do artigo 7º por entender conveniente a tramitación das renovacións das autorizacións no período fixado no texto inicial da Ordenanza.

CUARTO.- Aprobar definitivamente a nova ordenanza municipal reguladora de terrazas para actividades de restauración do Concello de Moaña, cuxo texto íntegro consta na parte dispositiva deste acordo.

QUINTO.- Proceder a publicación do acordo de aprobación definitiva, xunto co texto íntegro da Ordenanza, no BOP previo á súa entrada en vigor.

9º.- INICIO DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE D. ROBERTO GONZÁLEZ PASTORIZA COMO FILLO PREDILECTO DE MOAÑA A TÍTULO PÓSTUMO.

Infórmase que na Comisión extraordinaria de Cultura do 24/09/2013, emitiu ditame favorable ao nomeamento de don Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña a título póstumo.

Dáse lectura a proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE D. ROBERTO GONZÁLEZ PASTORIZA COMO FILLO PREDILECTO DE MOAÑA, A TÍTULO

PÓSTUMO.

A Irmandade Xurídica Galega ten presentado ante esta Alcaldía, con data 10 de setembro de 2012, unha proposta para o nomeamento de D. Roberto González Pastoriza como fillo predilecto de Moaña, a título póstumo.

Trasladada unha copia desta proposta aos voceiros dos grupos políticos presentes na Corporación Municipal para o seu estudo, estes manifestan o seu asentimento formal a través da Comisión de Cultura de 16 de xaneiro de 2012.

O Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións sinala no seu art. 3.1 que o expediente para a concesión de honores poderá incoarse “de oficio, por acordo da maioría absoluta dos membros que compoñen a Corporación municipal”, tamén informa que no acordo de incoación de expediente deben “expresarse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto de expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou distinción que se pretende que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos para co Concello de Moaña” e así mesmo deberá nomearse “un xuíz instrutor e o funcionario ou funcionaria a quen se nomea para o cargo de secretario/a”.

Tendo en conta que tanto na solicitude presentada pola Irmandade Xurídica Galega como na documentación achegada por este Concello sobre D. Roberto Pastoriza González, hai abondosos elementos para a toma en consideración da distinción, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Iniciar expediente para outorgar a D. Roberto Pastoriza González a distinción de fillo predilecto de Moaña, a título póstumo.*
- 2. Nomear a concelleira dona Colomba López Freire como instrutora e o secretario municipal como secretario para a súa tramitación.*
- 3. Unha vez tramitado o expediente, de acordo co Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións, devólvese ao Pleno para a adopción dos acordos correspondentes.
Moaña, 22 de xaneiro de 2013»*

Os voceiros dos distintos grupos políticos que compoñen a Corporación móstranse a favor de dita proposta.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acorda:

1. Iniciar expediente para outorgar a D. Roberto Pastoriza González a distinción de fillo predilecto de Moaña, a título póstumo.
2. Nomear á concelleira dona Colomba López Freire como instrutora e ao secretario municipal como secretario para a súa tramitación.
3. Unha vez tramitado o expediente, de acordo co Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións, devólvese ao Pleno para a adopción dos acordos correspondentes.

10º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP A GUÍA.

Dáse lectura a proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP A GUÍA

Visto que o Concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. Valentín Piñeiro González causou baixa como membro da Corporación e que figuraba como representante municipal no consello escolar do CEIP A Guía.

Visto o escrito do Grupo Municipal do BNG, de data 8 de xaneiro de 2012, onde propoñen como novo representante do seu Grupo no citado consello escolar á Concelleira Dona. Coral Ríos Santomé.

Pola presente proponse ao Pleno da Corporación o nomeamento de Dona. Coral Ríos Santomé como representante da Corporación no consello escolar do CEIP A Guía.

Moaña, 16 de xaneiro de 2013. O ALCALDE»

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acorda:

Primeiro.- Nomear a dona Coral Ríos Santomé como representante da Corporación no consello escolar do CEIP A Guía.

Segundo.- Notificar dito acordo á interesada e ao Consello Escolar do CEIP A Guía.

11º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DA ATENCIÓN Á INFANCIA (PROGRAMA AQUELAR) DO CONCELLO DE MOAÑA.

Infórmase que na Comisión informativa de Facenda do 24/09/2013, emitiu ditame favorable a resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de Organización e Funcionamento do Punto da Atención á Infancia (programa aquelar) do concello de Moaña.

Dáse lectura a proposta da Alcaldía que literalmente di:

«PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACION E FUNCIONAMENTO DO PUNTO DA ATENCIÓN A INFANCIA (PROGRAMA AQUELAR) DO CONCELLO DE MOAÑA

O día 27 de decembro de 2012 o Pleno da Corporación Municipal aproba inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do punto da atención á infancia (Programa Aquelar) do Concello de Moaña

O citado expediente foi sometido a información pública polo prazo de trinta días, comprendidos o día 10 de xaneiro e o día 13 de febreiro de 2013, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de data 09/01/13, formulándose no mesmo prazo as seguintes alegacións:

- Grupo Municipal do PSG-PSOE. Nº de rexistro de entrada 904 de 11 de febreiro de 2013.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 25 de febreiro de 2013, no que se sinala a conveniencia de modificación de determinados artigos, e valorando as alegacións presentadas.

Proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite e estimar integramente as alegacións presentadas polo Grupo Municipal do PSG-PSOE de modificación do artigo 10 do Regulamento sobre solicitudes de novo ingreso e de renovación; estimar parcialmente a alegación de modificación do artigo 11 sobre baixas no servizo admitindo todas as propostas de modificación e engadido excepto a de modificación do apartado 3º, por entender que dado o sistema de pago do servizo non se precisa a notificación previa da posibilidade de baixa por impago; estimar parcialmente a alegación sobre modificación do artigo 14 pero deixando a competencia de aprobación dos cambios dos horarios na Alcaldía ou Xunta de Goberno, a proposta da Comisión; estimar as alegacións de modificación do artigo 16, excepto na referencia normativa ao artigo 27.2 do Decreto 329/2005 sobre titulación do persoal, por entendela axeitada, aínda que se propón incrementar a ratio xeral de relación coidador neno a 2/15, por terse xa aplicado tal ratio na prestación do servizo e posibilitando cubrir posibles continxencias especiais que poidan xurdir.

(-) CUOTA AMORTIZACIÓN	407.455,27	
SALDO DE OPERACIONES NO FINANCIERAS		-512.190,02
(+) INGRESOS NO FINANCIEROS	8.096.853,88	
(-) GASTOS NO FINANCIEROS	8.609.043,90	
AJUSTES SEC		-644.235,93
Capítulos I a III ingresos	-193.659,81	
capítulos IV y VII ingresos	0,00	
Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar	-450.576,12	
CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN		-1.156.425,95

3.- AVANCE DEL REMANENTE DE TESORERÍA

Fondos líquidos	183.186,93
Derechos pendientes de cobro	5.514.418,42
Obligaciones pendientes de pago	1.352.090,15
REMANENTE DE TESORERÍA TOTAL	4.345.515,20
Saldos de dudoso cobro	5.435.686,54
Exceso de financiación afectada	10.780,93
REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES	-1.100.952,27

4.- INFORMACIÓN ADICIONAL TRIMESTRAL: PASIVOS FINANCIEROS Y COMERCIALES.

.- avales públicos recibidos: 0,00

.- actualización de la información de cir- local: sí

.- deuda comercial

en miles de euros	AÑO 2012				AÑO 2011	AÑO 2010	EJERCICIOS ANTERIORES	TOTAL
OBLIGACIONES RECONOCIDAS PENDIENTES DE PAGO CLASIFICADAS POR ANTIGÜEDAD	1ºTRIMESTR E	2ºTRIMESTR E	3ºTRIMESTR E	4ºTRIMESTR E				
CAPÍTULO II	97,86	90,41	159,66	201,88	60,55	21,85	50,05	682,26
CAPÍTULO VI	0,00	8,68	18,55	172,32	1,55	1,55	1,85	204,50
OTRA DEUDA	70,80	119,66	142,11	39,32	75,64	0,00	50,05	497,58
TOTAL	168,66	218,75	320,32	413,52	137,74	23,40	101,95	1.384,34

Respecto al informe trimestral sobre cumplimiento de los plazos previstos en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones, decir que en la fecha de emisión del presente informe constan como remitidos los correspondientes a los 3 primeros trimestres del 2012, estando pendiente de envío el relativo al último trimestre.

.- operaciones con derivados y otro pasivo contingente: 0,00

QUINTO.- Resumen de la ejecución de las medidas previstas en el Plan de Ajuste

El plan de ajuste prevé la adopción, durante los años de vigencia 2012, de una serie de medidas de carácter administrativo, presupuestario o fiscal que pretendía asegurar la capacidad del Ayuntamiento para financiar los gastos corrientes y cancelar la operación financiera concertada al amparo del RD 4/2012, en el plazo comprometido.

Del análisis de las cifras derivadas del estado de ejecución del presupuesto se observa el incumplimiento o la no adopción de algunas de las medidas previstas para el 2012 en el Plan.

Así, a 31 de diciembre de 2012, no habían sido adoptadas, entre otras las siguientes medidas:

- .- Revisión de la Ordenanza del Impuesto de vehículos de tracción mecánica, de forma que en el 2013 se preveía un incremento en la recaudación por dicho concepto de 118.464,68.*
- .- Actualización de las tasas y precios públicos en función del IPC.*
- .- Tramitación de expedientes de contratación con concurrencia pública de los contratos de suministro (material de oficina, productos de limpieza, servicios de telefonía), con el objetivo de lograr una reducción del gasto por estos conceptos próxima al 20%.*
- .- Reducción en el número de locales alquilados y por lo tanto reducción del gasto por este concepto.*

Por lo tanto, a la vista de las cifras arrojadas por los estados de ejecución y visto el importe de las obligaciones pendientes de aplicar al presupuesto, es imprescindible la adopción y aplicación de todas y cada una de las medidas previstas en el Plan, así como la incorporación de medidas adicionales que permitan, en la mayor brevedad posible asegurar la capacidad del Ayuntamiento para financiar los gastos corrientes y garantizar la cancelación de la operación financiera concertada al amparo del RD Ley 4/2012, así como la de las demás operaciones vivas.

SEXTO.- Dación cuenta al Pleno

De acordo con lo establecido en el artículo 10 del Real Decreto 7/12, de 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para la financiación de los pagos a proveedores, del informe del interventor sobre la ejecución del Plan de ajuste, se dará cuenta al Pleno de la Entidad Local.

Moaña, 14 de enero de 2013. La interventora

M^a Carmen Carracelas Rosales»

- Intervén don Xosé Manuel Millán que indica que falará no próximo Pleno.
- Intervén don José Freire quen indica que traerá todas as medidas do Plan de Axuste aos próximos Plenos.
- Don Víctor M. Pastoriza sinala que non cumpren as medidas que lle propuxeron ao Sr. Montoro e trouxeron agora o novo plan. Fagan algo máis que o feito de que se xubile o persoal, que fará baixar o elevado gasto de persoal que ten o Concello, pero fagan algo máis que iso.
- O Sr. Alcalde indica que no ano 2006 adebédase menos cinco millóns de euros, no 2007 eran seis millóns, no 2008 sete millóns, no 2009 oito millóns dous centos cincuenta mil euros, e no 2010 había menos sete millóns de remanente negativo. E no ano 2012, case oito millóns de euros. No ano 2006 había ingresos por importe de nove millóns de euros e vostedes gastaban once, e no 2007 tamén gastábase máis que os ingresos. No 2008 gastaban máis de dous millóns de euros. E o dicía o interventor do Concello que consideraba que o remanente negativo era intolerable. Sabe o Sr. Millán de literatura pero non de números. A situación non é de agora, ven de gobernos anteriores. Vos arruináchedes o Concello e vendíchedes o Patrimonio do Concello, por máis de dos millóns.
- Intervén o Sr. Xosé M. Millán quen indica que iso o poderían dicir vostedes antes, pero agora vostedes teñen un déficit o primeiro ano de 1.250.000€. e no segundo exercicio 700.000 € negativo.
- O Sr. Alcalde responde que vostedes tiñan antes oito millón de Euros, e na Mancomunidade tiñan cinco millóns de euros de débeda por a súa irresponsabilidade de non recoñecela.
- O Sr. Xosé M. Millán indica que teñen vostedes 1.250.000€ e 700.000 € de débeda cando antes estaba a cero. Agora ten 600.000€. que están no caixón.
- O Sr. Alcalde indica que agora se fan fronte as facturas da Mancomunidade, e en cambio vostedes non.
- O Sr. Xosé M. Millán sinala que en dous anos de mandato só se acorda de que fixo o goberno anterior está preparando o camiño para volver a oposición. Engade que non foron dos millóns e medio, senón catro millóns e vostede deixa que caia o patrimonio en anacos. Agora o patrimonio non valerán nin un millón, e o están disfrutando os veciños de Moaña, se incrementaron os metros cadrados que agora están paralizados e se adquiriron máis de 30.000 m² de solo. Tamén se fixo un centro de saúde e vostede dixo que foi terreo mal comprado incluso a gardería, na que vostede faise fotos, saíron dese catro millóns e medio. Pero de iso imos falar dentro dun mes.
- O Sr. Alcalde indica que xa dixo que a gardería a remataba o PP pero foi unha labor de todos. No PP non estivemos cos brazos cruzados e puxemos a gardería en marcha. Tamén un Centro Multiusos en Meira. A gardería supuxo un gran esforzo, e o Multiusos de Meira conta con máis de mil socios e non custou nin un céntimo. Tamén viaxamos a Madrid para resolver un gran problema. Tamén se conseguiu o paseo marítimo de Moaña. Recuperouse un camiño de Marrúa a Sabucedo, Fixéronse aparcamentos disuasorios, a subida a San Bartolomeu, e o Adro este ano. Pronto empezarán as beirarrúas da Meixoadada. Tamén a estrada Barxas-Berducedo, o parque infantil do centro de Moaña que se lle puxo herba sintética. Melloráronse a entrada na Marrúa o outras obras. Tamén rematamos

os parques infantís e a ruta dos muíños da Paradela, e vinte e dúas persoas empezarán agora a traballar para restaurar catro muíños. O que di o Sr. Millán non é certo, non estamos de brazos cruzados.

- Intervén don Víctor M. Pastoriza quen indica que o Goberno do Estado pagou aas facturas e a débeda, e agora vostedes non só non aforran se non que cada mes gastan máis de 180.000€, e teño dúbidas de que pronto exista Concello.
- O Sr. Alcalde sinala que as medidas non foron aos petos dos cidadáns. Se fará unha proposta de incrementar as tarifas da Escola de Música que propondrá o Director da Escola.
- Intervén don Víctor M. Pastoriza quen indica que non se cumpren as medidas previstas segundo di o informe da Interventora. Di que non se cumpren case todas as medidas. Esa é a realidade. A este ritmo non vai a haber Concello.
- O Sr. Alcalde indica que se desaparece o Concello será polo despilfarro das Corporacións anteriores. Cada vez que traemos algo aquí e non vamos aos petos dos veciños vostedes non apoian. Sacamos alquileres e vostedes votaron en contra, votaron en contra de todo. Vostedes cren que non houbo despilfarros, e estamos pagando trinta mil euros anuais para a nave de servizos que xa se puido plantexar.
- Don Víctor M. Pastoriza indica que non houbo onde facela.
- O Sr. Alcalde indica que hai que seguir tomando medidas como a escola de música que nos custa máis de 10000 € ao ano.
- Intervén o Sr. Xosé M. Millán quen indica que vostedes “non están”, nin os Concelleiros, nin o Alcalde, nin os funcionarios. O delegado de deportes hai que recoñecer que ven por aquí. Vostede non é capaz de gobernar. Vostede debe presentar un presuposto, leva dous anos e medio sen presuposto.
- O Sr. Alcalde indica que vostede estivo sen presuposto un ano con maioría absoluta. Iso non é verdade. Eu non teño unha secretaria do Alcalde. E eu estou onde me puxeron os votos.

13º.- DACIÓN DE CONTAS SOBRE O PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS 2013.

Dáse conta a Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 22/03/2013 que literalmente di:

«17.b) Solicitude transferencia cofinanciación Servizos Sociais Municipais

Visto o informe da traballadora social do 21 de marzo de 2013, que textualmente di:

ASUNTO:

Solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal

Ma del Mar Soage Bernárdez, traballadora Social deste Concello, informo que segundo o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesaria a presentación da solicitude da transferencia finalista para o cofinanciameto destes.

Polo tanto,

PROPONSE:

Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 363.566,81 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 72.081,00 €*
- Mantemento: 1.500,00 €*
- Axuda no fogar:*
 - o Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 28.004,80 €*
 - o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 224.819,00 €*
- Xestión de programas: 37.162,01 €*
- Investimento: 0,00 €*

Incluír na declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Que se adopte o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2013 na contía de 188.557,62 €, que supón unha porcentaxe do 34,15 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos, dando conta posteriormente ao Pleno.»

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

14º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE MOAÑA SOBRE CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN DO MORRAZO.

O público asistente solicita que se inclúa no próximo Pleno por que a persoa que defende dita moción non puido asistir.

Posponse para o seguinte Pleno.

15º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO PRECISIÓNS E MODIFICACIÓNS NA PROPOSTA DO PLAN DE USOS DO PORTO DE MOAÑA.

Dona María Martínez da lectura a moción que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO PRECISIÓNS E MODIFICACIÓNS NA PROPOSTA DE PLAN DE USOS DO PORTO DE MOAÑA

O grupo municipal do BNG, unha vez estudada a proposta de Plan de Usos do Porto de Moaña elaborada por Portos de Galicia e sometida actualmente a informe das administracións considera necesario a introdución de precisións e modificacións que fagan do documento un plan verdadeiramente ordenador e que permitan a mellora das instalacións portuarias.

A proposta remitida responde á moción presentada polo BNG en febreiro de 2012 e aprobada unanimente polo pleno, requirindo a Portos de Galicia a redacción dun Plan de Usos. Sen embargo, non recolle en absoluto as recomendacións e necesidades que se sinalaban naquela moción.

Deixando de lado algúns erros de detalle -non contempla a existencia da rúa Daniel Castelao,

principal acceso á zona portuaria; describe de forma totalmente errada a normativa urbanística que rexe no concello de Moaña, o Plan límitase a inventariar os usos actuais en cada un dos espazos portuarios, sen proceder a ningún tipo de ordenación dos mesmos. Non prevé tampouco ningún tipo de actuación de mellora das instalacións existentes e, a pesar de non conter practicamente ningunha especificación urbanística, pretende ser utilizado como instrumento que substitúa ao Plan Especial do Porto de Moaña que Portos de Galicia ten obriga de redactar se quere realizar ou autorizar calquera legalmente calquera actuación na uña de terra.

Por iso, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno a tramitación diante de Portos de Galicia das seguintes propostas, en forma de alegacións do Concello de Moaña:

a) Que o documento que se someta a exposición pública realice unha reordenación de usos nas distintas zonas de atraque, distinguindo con claridade as zonas de atraque de pasaxeiros, embarcacións deportivas, mexilloeiros, embarcacións da 3ª, 4ª e 7ª listas que neste momento utilizan os portos seguindo usos e costumes, de forma mesturada e creando en ocasións situacións de risco para os usuarios.

c) Que o documento prevexa as actuacións necesarias para a mellora e ordenación das instalacións que desde hai anos se veñen demandando: a ampliación do espigón da Mosqueira, para mellorar as posibilidades de atraque dos barcos mexilloeiros, proxecto redactado hai máis de seis anos, licitado e adxudicado e finalmente abandonado sen explicación; os tan prometidos pantaláns de atraque para as embarcacións da 3ª e 7ª lista, que permitirían separar as liñas de atraque destas embarcacións e dos bateeiros; o acondicionamento da esplanada desocupada da Mosqueira, destinándoa a zona verde e aparcamento para os usuarios das instalacións portuarias; a área do porto deportivo, recollendo as actuacións propostas por Moañamar para mellorar os servizos aos seus asociados.

d) Que o documento prevexa a transferencia ao concello de Moaña en forma de concesión dos espazos urbanos non estritamente vinculados aos labores portuarios: a avenida José Costa Alonso, o tramo da rúa Concepción Arenal ata a rambla da Ramona, o paseo do Con, o paseo do Vaticano e a zona verde e de aparcamentos entre a rambla da Ramona e a praza de abastos, Estes espazos, que o concello mantén, e nalgúns casos incluso acondicionou servizos fundamentais ao conxunto dos veciños da Praia e o Con, son espazos totalmente urbanos e no caso dos viais, estruturadores do casco urbano de Moaña e, sen embargo, Portos de Galicia resérvase unhas competencias sobre eles totalmente inxustificadas.

*e) Supresión da disposición transitoria que establece que o Plan de Usos adquire carácter supletorio do Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto e autoriza edificacións de ata 12 metros de altura —baixo e tres plantas!, superior incluso a moitos edificios da zona urbana limítrofe. Portos de Galicia debe comprometerse a elaborar dito Plan Especial e mentres tanto non poderán ser autorizadas máis obras que aquelas especificamente recollidas no Plan de Usos. Tendo en conta a estreita vinculación da zona portuaria co casco urbano de Moaña, en ningún caso se autorizarán nin agora nin no futuro instalacións que sirvan ao desenvolvemento de actividades molestas, nocivas ou perigosas (talleres, industrias, instalacións de combustible...) ou que pola súa natureza e finalidade poidan emprazarse na zona urbana (naves de almacenaxe ou elaboración, comercios, restaurantes, etc.).
Moaña 23 de setembro de 2013.*

- Intervén dona Susana Varala quen indica que o noso Grupo do PP vaise a abster porque non entende porqué se presentou unha moción, cando dende o Concello remitiuse a Portos de Galicia o informe do arquitecto municipal sobre o plan de usos. Hai un Plan Especial, e pediron que se delimitara o uso de cada zona. O arquitecto Gumersindo Ferro emitiu un informe no que trata o tema dos usos propostos que non coinciden co PXOM. Non entende porque agora piden un Plan Especial cando xa hai un Plan de delimitación e usos do porto.
- Intervén don Víctor M. Pastoriza quen indica que cando nos mandamos un escrito a Portos ou Costas maráanos. Vemos que o que fan é un despropósito de gastos e non entran en vigor, e neste proceso

a última mona é o Concello. Deberían ocuparse do negocio e non marearnos, pero logo o alumeado é do Concello, a limpeza é do Concello. Non fan nada, deberían ter un plan, pero isto de Portos de Galicia é un “tenderete”.

- Intervén a Sra. Trigo en Representación dos veciños do Real, quen indica que ían presentar unha moción pero pediron a palabra para intervir. Sinala que non teñen zonas verdes e se construíu encima do mar. Calquera cambio que se faga no Con o no Real imposibilitará estas zonas. Deben informar do que queren facer na zona portuaria, recuperar unha rampa que é de Portos e impedir que o usen privadamente. Tamén solicita que para facilitar os desprazamentos a Vigo, debería existir unha zona de aparcamento. Achega un escrito que entrega para a súa constancia na acta, que literalmente di:

«AO SR ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA:

A Xunta Xestora da Asociación de Veciños do Real e o Con, por medio do presente escrito diriximos a Vostede o presente, ao abeiro do disposto no Regulamento de Participación Veciñal vixente, e para que se trate no PLENO DA CORPORACION a seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Os barrios do Real e o Con, sufriron un desenrolo urbanístico sen ningún tipo de planificación que fixo que non se poida contar hoxe con un só metro cadrado de zona verde e as poucas zonas de paseo foron construídas enriba do mar, convivindo con normalidade cunha actividade de pesca artesanal e mexilloeira.

Calquera cambio que se pretenda facer nesta zona, vai ter necesariamente un forte impacto medioambiental, e sobre todo social, que pode chegar a impedir a residencia no Real e no Con, ao facerse incompatible con incrementos da actividade industrial e construcións que supoñan “pantallas” no límite litoral do noso Barrio.

É por todo isto que solicitamos da Corporación Municipal os seguintes acordos:

- 1. Que o Goberno Municipal informe ao Pleno sobre o proxecto de usos do Porto do Con, e das alegacións que ao mesmo se teñan feito desde o Concello.*
- 2. Que o Pleno da Corporación acorde que calquera proxecto que se faga sobre os usos na zona portuaria terá que efectuarse sobre as seguintes bases:*
 - a) Que o Concello recupere para uso público municipal o espazo que vai da rampa de Ramona, ate o pósito, concesión da que disfrutaba o Concello ate o ano 2011, e que foi recuperada por Portos de Galiza. Isto implicaría a imposibilidade de que, esta superficie puidera ser utilizada para actividades privadas.*
 - b). Que o muelle de pasaxeiros, así como as instalacións da estación marítima deben preservarse para a utilización do transporte de Ría, onde os veciños e veciñas de Moaña poidan deixar o seu coche para desprazarse no barco a Vigo. Isto independentemente de que utilice como zona de atraque dos balandros mexilloeiros cando cesan a súa actividade.*
 - c) A praia do muelle deber ser recoñecida como tal nese plan de usos, o que evitaría no futuro a ampliación de superficie portuaria aterrando esa praia.*
 - d) Calquera modificación do Muelle da Mosqueira, así como dos usos e ampliacións que se poidan pretender no Muelle do Con, deberá estar baseada en estudos económicos sobre a súa necesidade, e por suposto en estudos científicos sobre o seu impacto medioambiental, tendo en conta que se trata dunha zona moi sensible.»*

- Intervén María Martínez quen quere que conste se o informe do arquitecto don Gumersindo Ferro coincide co que di a moción.
- Dona Susana Varela indica que non coincide en algúns parámetros. E difícil compatibilizar os usos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito abstencións as do PP, acorda:

a) Que o documento que se someta a exposición pública realice unha reordenación de usos nas distintas zonas de atraque, distinguindo con claridade as zonas de atraque de pasaxeiros, embarcacións deportivas, mexilloeiros, embarcacións da 3ª, 4ª e 7ª listas que neste momento utilizan os portos seguindo usos e costumes, de forma mesturada e creando en ocasións situacións de risco para os usuarios.

c) Que o documento prevexa as actuacións necesarias para a mellora e ordenación das instalacións que desde hai anos se veñen demandando: a ampliación do espigón da Mosqueira, para mellorar as posibilidades de atraque dos barcos mexilloeiros, proxecto redactado hai máis de seis anos, licitado e adxudicado e finalmente abandonado sen explicación; os tan prometidos pantaláns de atraque para as embarcacións da 3ª e 7ª lista, que permitirían separar as liñas de atraque destas embarcacións e dos bateiros; o acondicionamento da esplanada desocupada da Mosqueira, destinándoa a zona verde e aparcamento para os usuarios das instalacións portuarias; a área do porto deportivo, recollendo as actuacións propostas por Moañamar para mellorar os servizos aos seus asociados.

d) Que o documento prevexa a transferencia ao concello de Moaña en forma de concesión dos espazos urbanos non estritamente vinculados aos labores portuarios: a avenida José Costa Alonso, o tramo da rúa Concepción Arenal ata a rambla da Ramona, o paseo do Con, o paseo do Vaticano e a zona verde e de aparcamentos entre a rambla da Ramona e a praza de abastos, Estes espazos, que o concello mantén e nalgúns casos incluso acondicionou os servizos fundamentais ao conxunto dos veciños da Praia e o Con, son espazos totalmente urbanos e no caso dos viais, estruturadores do casco urbano de Moaña e, sen embargo, Portos de Galicia resérvase unhas competencias sobre eles totalmente inxustificadas.

e) Supresión da disposición transitoria que establece que o Plan de Usos adquire carácter supletorio do Plan Especial de Ordenación da Zona de Servizo do Porto e autoriza edificacións de ata 12 metros de altura —baixo e tres plantas!, superior incluso a moitos edificios da zona urbana limítrofe. Portos de Galicia debe comprometerse a elaborar dito Plan Especial e mentres tanto non poderán ser autorizadas máis obras que aquelas especificamente recollidas no Plan de Usos. Tendo en conta a estreita vinculación da zona portuaria co casco urbano de Moaña, en ningún caso se autorizarán nin agora nin no futuro instalacións que sirvan ao desenvolvemento de actividades molestas, nocivas ou perigosas (talleres, industrias, instalacións de combustible...) ou que pola súa natureza e finalidade poidan emprazarse na zona urbana (naves de almacenaxe ou elaboración, comercios, restaurantes, etc.).

16º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA.

Intervén don Odilo Barreiro quen sinala que a finalidade é que compareza o Sr. Freire, que xa desapareceu da plataforma das hipotecas esperamos que tampouco o faga na que se creou hoxe. Tampouco nos trae o presuposto que presume de austeridade e as liquidacións arroxan un resultado negativo. Da lectura a continuación a moción que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B,N,G, SOLICITANDO A COMPARECENCIA ANTE O PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Nas últimas semanas asináronse as liquidacións do orzamento municipal de do Padroado Beiramar correspondentes ao ano 2012. Ambas rexistran datos negativos que poñen en cuestión a xestión económica levada a cabo polo goberno do PP. posto que por un lado presume de austeridade e contención do gasto e por outro incrementa por segundo ano

consecutivo a débeda do Concello de Moaña.

Así, a liquidación do orzamento municipal sinala que a 31 de decembro de 2012 figuraban na contabilidade municipal 1.180.974; 39 € en obrigas comprometidas pendentes de pago, aos que habería que sumar 551.252,34 € en facturas de caixón, con gastos comprometidos á marxe do orzamento e polo tanto facturas sen aprobar. A pesar de que a 1de xaneiro de 2012 a débeda con provedores debeu quedar a cero e durante o ano se declarou a caducidade das obrigas recoñecidas con máis de catro anos de antigüidade, a liquidación presenta xa un remanente de tesourería negativo por importe de -776.250,98 euros e un resultado orzamentario, unha vez corrixidos os ingresos excluindo o crédito ICO e axustados os gastos incrementando as facturas pendentes de aprobación, de -1.180,073,96 €.

Pola súa parte, a liquidación do orzamento do Padroado Beiramar, ademais de ofrecer un resultado deficitario, móstranos que o Concello tivo que aportar ao funcionamento corrente do Padroado 171.000 €, fronte aos menos de 123.000 que aportou a Xunta de Galicia.

Ante estes resultados, ao descoñecermos as medidas de saneamento e mellora da xestión económica impulsadas polo goberno municipal, e carecendo por segundo ano consecutivo de orzamento municipal, o grupo municipal do B.N.G propón á Corporación o seguinte

ACORDO:

*1.Solicitar a comparecencia ante o Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria, do concelleiro-delegado de Facenda, a fin de que explique os resultados económicos do ano 2012, as medidas adoptadas ou que ten en mente adoptar para corrixir esta situación, e as previsións para a presentación ao Pleno dos orzamentos municipais para o ano 2013.
Moaña, 21 de abril de 2013*

Don Odilo Barreiro sinala os feitos máis importantes.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñan a Corporación, acorda:

1.Solicitar a comparecencia ante o Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria, do concelleiro-delegado de Facenda, a fin de que explique os resultados económicos do ano 2012, as medidas adoptadas ou que ten en mente adoptar para corrixir esta situación, e as previsións para a presentación ao Pleno dos orzamentos municipais para o ano 2013.

17º.- MOCIÓN DO COLECTIVO DE BENEFICIARI@S DE PENSÍONS DO EXTRANXEIRO.

Dáse conta do escrito presentado con data 16/05/2013 polo Colectivo de beneficiari@s das pensión do estranxeiro.

COLECTIVO DE BENEFICIARI@S DE PENSÍONS DO EXTRANXEIRO Desenvolvemento da moción.

Nas últimas semanas o colectivo arriba referido viuse afectado por requirimentos da AEAT, Delegacións de Pontevedra e Ourense, a fin de que acreditasen as cantidades percibidas durante o ano 2.008 en concepto de pensións do estranxeiro, todo coa finalidade de proceder a regularización/formulación de declaración complementaria do IRPF do citado exercicio anual.

É notorio, público e coñecido que:

@s afectad@s integrantes do colectivo nunca foron informad@s e descoñecían calquera obriga de declarar tales pensións.

Non se lles expediu certificación algunha do país pagador das cantidades percibidas por aquel@s.

E debe destacarse o carácter repentino, inesperado e sorprendente dos requirimentos recibidos polos afectad@s,

De existir unha lei que obrigue a dit@s afectad@s a tributar por tales pensións, non podemos entender como é posible que a AEAT veña requirir agora, no ano 2013. tantos anos despois. os ingresos percibidos correspondentes ao ano 2.008. nin por que non fixo antes ou, cando menos, non informou @s afectad@s de tal obriga tributaria.

*Por todo o anteriormente exposto, vimos solicitar desta Corporación Municipal a adopción dun acordo de apoio e respaldo diante da AEAT @s afectad@s do citado colectivo
En Moaña, a 13 de Majo de 2013.*

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñan a Corporación, acorda aprobar integramente a moción presentada polo *Colectivo de Beneficiari@s de pensións do Estranxeiro, cuxo texto consta integramente na parte expositiva deste acordo.*

18º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AAVV A CHAMUSCA SOBRE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE MOAÑA.

Informase a Corporación polo público asistente, que Paco tívose que ausentar e pide que se deixe para o seguinte Pleno o asunto.

TOMA DE RAZÓN DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DON VÍCTOR MANUEL PASTORIZA LINO.

Concluído este punto da orde do día, e previo a quenda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, en virtude do previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (R.O.F), o escrito presentado, ao inicio desta sesión, por don Víctor Manuel Pastoriza Lino, entregado ao Sr. Alcalde, no que presenta a súa renuncia.

Por unanimidade dos concelleiros presentes, acorda debater o citado escrito.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do escrito que lle foi presentado ao inicio deste Pleno de data 26/09/2013, asinado polo concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, don Víctor Manuel Pastoriza Lino, con D.N.I. Nº 35.302.310R, no que presenta a súa renuncia a acta de concelleiro do Concello de Moaña. Estando presente o Concelleiro renunciante, cúmprese o establecido no artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, xa que se fai efectiva e por escrito ante o Pleno da Corporación. Procede pois en virtude do establecido no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, solicitar á Xunta Electoral Central que se proceda a remisión da credencial do concelleiro ao candidato ou, no seu caso suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a súa orden de colocación.

- Intervén dona **Marta Freire** quen manifesta o seu agradecemento a don Víctor Manuel Pastoriza pola súa labor, considerando que fixo un gran cometido, e os seus compañeiros tamén o recoñecen e o apoian.
- Intervén don **Xosé Manuel Millán**, quen lle desexa toda a sorte do mundo na súa vida, tanto no persoal como no laboral, e celebra as boas cousas que se fixeron para o concello de Moaña.

- Intervén dona **Susana Varela** quen lle desexa toda a sorte do mundo e particularmente indica que foi un honor debater contigo.
- Intervén don **Víctor Manuel Pastoriza** quen indica que aparecer en política é voluntario e ninguén pode esperar que che dean agradecementos, ou que che digan que ben o fixeches. Lévome sen sabores e gratificacións. Engade que “tiven os bolsillos de cristal”.
- Intervén o Sr. Alcalde quen agradece a súa amizade, e sinala que fuches un gran compañeiro e votarémoste de menos. Tiveches un bo talante e dedicácheslle moito tempo ao pobo de Moaña, e independentemente dos votos, a maioría estache agradecido. Quere agradecerlle o seu talante e darlle ánimo.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos dezasete concelleiros presentes que compoñen a Corporación, acorda:

1º.- Tomar razón da renuncia de don **Víctor Manuel Pastoriza Lino**, con D.N.I. Nº 35.302.310R, como concelleiro do Concello de Moaña. que fora elixido nas listas do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español.

2º.- Dar traslado desta dimisión á Xunta Electoral Central, para que remita a credencial do concelleiro que deba legalmente substituílo, que segundo consta na lista da candidatura do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, correspóndelle a dona **DOLORES MIRANDA COSTAS**.

19.- ROGOS E PREGUNTAS.

- Intervén un asistente entre o público que manifesta, respecto das terrazas en Moaña, que en vez de deixar 1,80 m se deixen 2 m. e que non se permita ampliar, así como que os laterais non superen un metro e medio.
- Intervén dona María Ortega quen fala da problemática das familias que utilizan os comedores escolares en Moaña, xa que non hai prazas para todos. Preto de cincuenta familias non poden acceder as prazas de comedores escolares de forma directa, e non lles advertiron dese feito. Cita a normativa autonómica sobre esta materia, especialmente unha circular, que afecta a moitos nenos e nenas de Moaña, uns oitenta. Cita os centros de CEIP Domaio, O Con, Abelenda, Berducedo e Tirán. Os pais e nais mantiveron unha reunión cos directores, e por tal motivo piden apoio para que se fagan as xestións para solucionar este problema, se pode ser a primeiros de outubro, e piden o apoio de todos os grupos políticos.
- Un representante da Federación de APAS de Moaña, intervén e indica que os comedores escolares son un servizo complementario e todos deberíamos ter dereito, e só o teñen os de Reibón. Os comedores escolares puxéronse en marcha para a conciliación da vida laboral e familiar. As APAS reclamamos que se fixera na Guía, Seara, Quintela, Abelendo, ata o Con, xa fai dous anos, grazas as Corporacións do Concello. O 27 de maio de 2010, presentouse unha moción sobre esta cuestión dos comedores. A situación actual é de discriminación, xa que é un servizo básico. Instouse a Xunta de Galicia a que a Consellería asumira os comedores. O 26 de abril a Consellería citounos a todos a unha reunión coa finalidade de que a Consellería asumira os comedores escolares xestionados pola AMPAS. Pedíronnos o número de alumnos, xa que o importante son as magnitudes económicas. En Moaña son uns 1600 alumnos. Así por exemplo en Reibón comen uns 270 rapaces, o que supón o 54% do alumnado. Os pais aportaban 98.000 €. e o Concello uns 38.000 €. Elo suporía un aforro para o Concello. Na actualidade a Xunta absorberon os comedores escolares pero non o exceso de demanda que hai, e este ano non amplían as prazas.

Piden polo tanto o dereito a que os nenos teñan comedores escolares e piden a Consellería de

Educación da Xunta de Galicia que teña sensibilidade, e que aumenten número de prazas de comedores escolares, concretamente farían falla unhas 40 ou 50 prazas máis.

- Intervén o Sr. Alcalde quen indica que a concelleira Rosa Solla, lle informou da problemática, e o que xa falou co xefe territorial e coa inspectora de educación.
- Intervén don Odilo Barreiro quen indica que este tema require unha acción inmediata de goberno. Non repita os argumentos da Delegación Territorial, e faga as xestións para arranxar o problema do dereito de comedor dos nenos. Insta ao Sr. Alcalde a que lle busque unha solución ao problema.
- O Sr. Alcalde manifesta o apoio de toda a Corporación a este problema dos comedores escolares e sinala que se farán todas as xestións co xefe territorial.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión, sendo ás doce horas e corenta minutos día 27 de setembro co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo Secretario, de todo o cal eu, dou fe.

Vtº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo: José Fervenza Costas.

Asdo: Adamantino Barreiro García.